DE EXCURSIÓN

POR FERROL, EUME E ORTEGAL

2022

Edita: Pingota Comunicación S. Coop. Galega
www.pingota.com | pingota@pingota.com
Maquetación: Korchopan Produktions
Sexta edición: 2022
Depósito Legal: C 1404-2016
Imprime: Aldine

Aprender experimentando

A aprendizaxe é un proceso complexo ao que axudan, sen dúbida, as experiencias sensoriais. Visitar un museo, unha vila ou un espazo natural aproxímanos ao coñecemento da historia, da sociedade ou da paisaxe dunha maneira lúdica e sinxela. Completar o ensino na clase con este tipo de actividades contribúe a fixar conceptos pero tamén a socializar e gozar co resto dos campañeiros e compañeiras da aula fóra do espazo escolar.

As propostas de viaxes que facemos en DeExcursión son fáciles de organizar e pensadas para todos os niveis educativos. Cremos que para os nenos e nenas é importante coñecer o seu contorno máis próximo, valoralo e compartilo cos amigos e amigas. As comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal contan con espazos incriblemente fermosos e con moitos recursos orientados directamente á aprendizaxe e non nos cabe dúbida de que tamén para o profesorado será unha experiencia moi satisfactoria axudar a crear nos máis pequenos un sentimento de orgullo polo noso. Así que, un curso máis

Imos DeExcursión!

pingota
COMUNICACIÓN

Camiño Inglés

Ferrol 6
Narón 7
Neda 8
Fene 9

Ferrol

As Meninas 10
Parque Raíña Sofía e Museo da Sociedade Galega de Historia Natural 11
Doniños 12
Baterías de costa 13
San Felipe 14
Museo Naval 15
Museo da Construcción Naval - Exponav 16

Autoridade Portuaria

Faros e sendeiros 17

Esmelle

Proxecto Esmelle e Museo Pérez Porto 18

Narón

Aldea Nova 20

Neda

Percorrido pola natureza 22
Xogando coa auga 23

Fene

Praias e ocio activo 24
Museo Xaquín Marín 25

As Pontes

As Pontes en Pezas, rutas sendeiristas, a ruta industrial e o lago 26
Casa do Mel e Museo Etnográfico 28

Xeoparque do Cabo Ortegal

Xeoparque do Cabo Ortegal 30

Fragas do Eume

Mosteiro de Caaveiro e Fragas do Eume 32

San Sadurniño

Espazos verdes 34
Ocio activo e lecer 36

Moeche

O castelo 37
Ocio e actividades lúdicas 38

Cerdido

Lecer en plena natureza 39

Cedeira

A vila 40
O mar 41
Serra da capelada e Santo André de Teixido 42
Un paseo pola historia 43

Ortigueira

A vila 44
Espasante 45
Os recursos naturais 46

Cariño

Barrio mariñeiro 48
Rochas e aves 49
Conserveiras 50

DeExcursión na rede /Colaboracións 52

Teléfonos de interese 53

camiño inglés

ferrol

En Ferrol arranca a primeira milla do Camiño Inglés, que ***recibe o seu nome dos camiñantes das Illas Británicas que dende o século XII chegaban en embarcacións á cidade para iniciar a súa peregrinaxe***. A etapa ferrolana é sinxela e ***percorre na súa totalidade a contorna urbana***, pasando por algúns dos puntos máis emblemáticos do concello. É posible solicitar á empresa Ferrol Guías un roteiro guiado polo tramo do casco histórico, moi recomendable para grupos de estudantes.

O Camiño comeza no porto de Curuxeiras, onde se atopan a Oficina de Atención ao Peregrino e algunhas construcións defensivas da ría que datan da época da Ilustración, así como restos da antiga muralla de Ferrol. Desde aí a ruta se adentra en ***Ferrol Vello*** -xermolo inicial da urbe- e continua pola rúa de San Francisco ata chegar aos xardíns de Herrera, onde se pode gozar dunha fermosa panorámica do Arsenal. Ao carón dos xardíns está o Pazo de Capitanía, ao que se organizan visitas o primeiro sábado de cada mes solicitando cita previa en Ferrol Guías.

Continúase pola ***Madalena, o barrio emblema do casco histórico co seu característico trazado de pastilla de chocolate***. Nas súas rúas atópanse algunhas das xoias da arquitectura modernista de Rodolfo Ucha, como a Casa Romero ou o Teatro Jofre, entre moitos outros edificios.

Avanzando polo Camiño chégase á ***alameda do Cantón de Molíns, a primeira gran alameda urbana de Galicia***. Nesta zona están situados o Museo Naval e Exponav, dúas visitas interesantes para facer co alumnado (ver páxinas respectivas). O itinerario segue bordeando o perímetro dos asteleiros e chega ata o barrio de Caranza, último punto do percorrido por Ferrol, onde se pode aproveitar para facer unha parada na ***praia urbana***.

Idades: Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Xeografía e Historia, Ciencias Sociais, Educación Física

Máis información: Para visitar o teatro Jofre contactar previamente coa concellería de Cultura: 981 944 013 Ext. 630

Para visitar o Pazo de Capitanía (primeiro sábado de cada mes) contactar coa empresa Fertur con antelación no 696 531 070 ou no correo *ferturguias@yahoo.es*. A visita ten un prezo de 5 euros por persoa, menores de 5 anos gratis. É necesario levar o DNI ou o pasaporte

A visita ao Museo Naval é gratuíta e ten incluído un servizo de visitas guiadas. Máis información en *museonavalferrol@fn.mde.es* ou no 981 336 027

A visita ao Museo de Construción Naval (Exponav) é gratuíta para os grupos escolares reservando a visita previamente en *exponav@exponav.org* ou no 981 359 682

Saída do porto de Curuxeiras
Oficina de turismo Via Compostellam Tel. 981 944 252
ferrolturismo@ferrol.es
visitferrol.com/ruta-de-camino-ingles

Ferrol 0 Km
A Coruña 56 Km
Viveiro 91 Km
Santiago 99 Km

camiño inglés
narón

Idades: Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Xeografía, Historia, Historia da Arte, Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Educación Física

Máis información: Para visitar o mosteiro de San Martiño de Xubia é preciso falar previamente co párroco chamando ao 659 920 253

Ao seu paso por Narón, a ruta xacobea cara Compostela ofrece ao camiñante un itinerario de pouca dificultade con varios puntos de interese nos que facer paradas. O percorrido, que ***comeza no polígono da Gándara e remata na desembocadura do río Xubia***, ten unha extensión de pouco máis de seis quilómetros polo que pode facerse o tramo completo nunha saída escolar dun día. Ademais, é posible enriquecer a experiencia solicitando o acompañamento de Andrés Pena Graña, o historiador municipal.

O primeiro lugar no que paga a pena deterse é o ***mosteiro de San Martiño de Xubia***, unha construción de estilo románico cuxa orixe se remonta ao século IX e que viviu o seu maior esplendor no XII, cando se adheriu a orde de Cluny. Recoméndase visitar o interior da igrexa para mostrarlle ao alumnado as características arquitectónicas dos templos románicos, concertando previamente unha cita co párroco.

Á man dereita do mosteiro, a ruta segue polo camiño do Salto e máis adiante polo lugar de Outeiro, onde se atopa o ***muíño das Aceas***, que funcionou no século XIX recollendo auga das mareas para empregala na moenda dunha das maiores fábricas de fariña de Galicia.

Ademais das xa coñecidas vielas amarelas, ao longo do camiño tamén atopamos indicacións con debuxos de ***peixes vermellos que mostran a ruta alternativa a Compostela que pasa por Santo André de Teixido***.

O último punto da etapa de Narón antes de acceder ao Concello de Neda, é o ***Paseo Marítimo de Xubia***, un extenso espazo verde á beira do río onde se pode aproveitar para descansar, xantar ou xogar cos nenos e nenas.

Ferrol 5 Km
A Coruña 50 Km
Viveiro 85 Km
Santiago 93 Km

Saída da Avenida do Mar, A Gándara
Concellería de Turismo Tel. 981 337 700 Ext. 1307
turismo.naron.es/es/conoce-naron

camiño inglés

neda

A localidade de Neda acolle ***cinco quilómetros da ruta xacobea*** do Camiño Inglés. O municipio é un punto de parada habitual dos peregrinos xa que ata o momento é o único lugar da zona que dispón dun ***albergue***. O aloxamento é de titularidade municipal, pertence a rede pública autonómica e atópase na zona do Empedrón. A súa capacidade é de 28 persoas.

Trátase dun percorrido doado e sen grandes pendentes, polo que resulta axeitado para organizar co alumnado unha xornada de camiñada. O punto de partida do itinerario é a ponte do río Xuvia e continúa bordeando a ría de Ferrol. Polo camiño atópase a ***igrexa barroca de Santa María***, un templo que data do 1721 aínda que a súa orixe remóntase ao século IX. No seu interior pode admirarse unha das pezas máis valiosas da arte relixiosa galega, a escultura do ***Cristo da Cadea***, unha talla que chegou a Neda a bordo dunha embarcación británica que fuxía das persecucións da época da iconoclastia.

Tras pasar pola pasarela que cruza o río Belelle, chégase ao casco histórico do concello. Nas súas rúas o camiñante atopa edificios de interese patrimonial. Algúns deles están vinculados á tradición xacobea, como o ***antigo Hospital de Peregrinos do Sancti Spiritus, cuxa Torre do Reloxo data do século XVIII***.

Percorrendo a rúa Real chégase á ***igrexa de San Nicolás, erixida no século XIV***, na que se atopa un dos cruceiros máis antigos de Galicia. Detrás do templo hai un ***parque infantil***, o de Subarreiros, que conta cunha construción dun barco pirata para que xoguen os máis pequenos. Dende este punto, continuando polo Camiño do Murallón e o barrio do Puntal chégase ao límite co concello de Fene.

Idades: Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Xeografía e Historia, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais e Educación Física

Percorrido: Cinco quilómetros

Máis info: Información sobre o albergue de peregrinos de Neda: *www.turismo.gal/recurso/-/detalle/280380558/albergue-de-peregrinos-de-neda*

No portal Wikiloc podedes consultar todo o itinerario da primeira etapa do camiño inglés: *es.wikiloc.com/rutas-senderismo/ferrol-neda-primera-etapa-del-camino-ingles-a-santiago-12657263*

Saída da ponte sobre o río Xuvia, no lado da rúa Aldea Empedrón

Protección Civil de Neda: Tel. 981 38 00 39

Ferrol 9 Km
A Coruña 49 Km
Viveiro 79 Km
Santiago 92 Km

camiño inglés

fene



Idades: Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Xeografía e Historia, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais, Educación Física

Percorrido: Tres quilómetros

Máis información: En *fene.gal/turismo/camino-de-santiago/es* podedes consultar a descrición completa da ruta e descargar un documento detallado con fotografías e ubicacións

A peregrinaxe a Compostela pasa nun dos seus tramos polo Concello de Fene, nun itinerario sinxelo e de curta duración -***pouco máis de tres quilómetros***- ao longo do cal o camiñante pode gozar da paisaxe da contorna e facer paradas en puntos de interese patrimonial. O percorrido discorre por unha parte urbana e outra en plena natureza, aínda que incluso ***desde os espazos máis verdes é posible divisar o emblemático guindastre de Navantia e os "jackets"*** que están en construción, nun chamativo e fermoso contraste.

O camiño ten o seu punto de partida no lugar de Conces e continúa pola rúa Fonte do Campo ata chegar ao lugar da Casanova. Pouco despois cruza a estrada N-651 e chega á Casa do Concello de Fene. Dentro da vila pódese aproveitar para facer un descanso visitando a ***igrexa do Divino Salvador, datada no século XVIII***, ou o Museo do Humor Xaquín Marín, un espazo único en Galicia e de atractivo para a rapazada (ver páxina adicada a esta mostra).

Ao final da avenida do Concello haberá que xirar á esquerda e na rotonda tomar dirección á dereita cara a rúa Alcalde Xerardo Díaz. Estas indicacións levan ao camiñante ao ***lugar de Mundín, onde se atopa un antigo lavadoiro***. Neste lugar crúzase tamén por un ***bosque de árbores caducifolias e eucaliptos*** polo que se regresa á N-651.

Desde o Rego da Moa camíñase ata Romariz, onde un pequeno camiño de terra a carón dunha zona de hortas conduce ao final do itinerario fenés, o Polígono de Vilar de Colo, que conecta este concello con Cabanas.

Ferrol 6 Km
A Coruña 46 Km
Viveiro 80 Km
Santiago 87 Km

Concellería de Turismo:
Praza do alcalde Ramón José Souto González s/n Fene
Teléfono: 981 492 767 E-mail: turismo@fene.gal

ferrol

as meninas

Os muros do barrio de Canido albergan unha xoia de arte urbano colectivo única no mundo, na que as Meninas de Velázquez son as protagonistas. No ano 2008, o veciño e artista Eduardo Hermida, farto da situación de decadencia e abandono na que se estaba sumindo o seu barrio, decide sacar os seus pinceis á rúa para dar vida e cor ás paredes dun dos edificios en mal estado da zona cunha reinterpretación do famoso cadro. Aquel pequeno xesto foi a orixe dun proxecto que cambiaría o rumbo de Canido para sempre.

Os veciños comezaron a sumarse á iniciativa de Eduardo pintando as súas propias meninas e, ano a ano, o número de involucrados no proxecto foi maior, atraendo a artistas de todo o mundo. Os pequenos debuxos iniciais deron paso a murais de gran formato que abraian a todo o que visita ***o barrio, convertido xa nun auténtico museo de arte ao aire libre con centos de meninas que descubrir en cada recuncho***. Cada ano, durante a primeira fin de semana de setembro, celébrase o Festival das Meninas de Canido, un evento ao que acoden artistas nacionais e internacionais para dar vida a novas meninas.

As Meninas acadaron un gran recoñecemento en todo o mundo e foron nomeadas no 2018 como ***Itinerario Impresionista de Street Art*** polo Consello de Europa. Hai que ter en conta que este proxecto non só destaca polo seu interese artístico, senón tamén polos valores de cooperación e revalorización do espazo que transmite a iniciativa e os que reflicten os propios murais, que fan alusións a temas como o feminismo, o ecoloxismo ou a diversidade sexual.

Un percorrido polo barrio de Canido cos escolares pode ser unha actividade moi enriquecedora para transmitirlles todos estes valores. Ademais, para grupos pequenos cabe a posibilidade de facer unha ***visita guiada con Eduardo Hermida***.

Idades: Infantil, Primaria, ESO, Bacharelato

Materias: Plástica, Xeografía e Historia, Ciencias Sociais, Educación Física, Historia do Arte

Máis información: no correo ferrolturismo@ferrol.es e na web visitferrol.com/ruta-de-las-meninas

Teléfono 981 944 272

Barrio de Canido. Ferrol
visitferrol.com/ruta-de-las-meninas
www.facebook.com/meninasdecanido

Ferrol 0 Km
A Coruña 54 Km
Viveiro 89 Km
Santiago 97 Km

parque raíña sofía e museo da sghn



Idades: Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Física, Bioloxía, Xeoloxía

Horarios:
Parque Raíña Sofía: Aberto todo o día
Museo da Sociedade Galega de Historia Natural: De martes a sábado: de 10:00 a 13:30 e de 17:00 a 20:30 h. Domingos e festivos: de 10:30 a 14:00 h

Máis información:
Parque: *visitferrol.com/parque-reina-sofia*

Museo: 881931315 ou 698141384 / *museo@sghn.org* / *sghn.org*

No centro da cidade atópanse dous espazos moi interesantes para complementar con saídas da aula o aprendido nas materias relacionadas coas Ciencias da Natureza.

Un deles é o ***Parque Raíña Sofía***, unha área verde na que se poden ver distintas especies árboreas como laranxeiros, unha sequoia ou un cedro do Atlas. ***O máis singular deste espazo é que nel habitan pavos reais en liberdade***, ofrecendo aos escolares a oportunidade de observar desde moi preto esta curiosa especie. Ademais, neste recinto atópase Aquaciencia, un xardín didáctico sobre a auga equipado con trebellos, maquetas e xogos a través dos que os nenos e nenas poden descubrir os distintos usos e propiedades da auga mentres se divirten.

Outro dos elementos destacables do parque é a ***Fonte Wallace***, comprada en París no 1889 e que está rodeada de bustos de personaxes ilustres de Ferrol.

No barrio de Canido atópase o ***Museo da Sociedade Galega de Historia Natural***, nas instalacións dun antigo cuartel militar. No seu interior alberga unha importante colección de especies vexetais, minerais e animais, que proceden en parte de doazóns de particulares e en parte da propia actividade do museo. Destaca especialmente a súa ***colección de ósos pertencentes a cetáceos***, unha das máis grandes de España, entre a que é de salientar o ***esquelete de 18 metros de lonxitude dunha balea***. Ademais, as dependencias do museo integran un ***xardín con diversas especies froiteiras, arbustivas e arbóreas***.

Para a entidade, o respecto á natureza é esencial e exercen un importante labor de recuperación de especies e a súa posterior reintrodución no seu hábitat natural. Hai que subliñar que todas as pezas do museo foron adquiridas sen causar ningún dano á natureza. O acceso é gratuíto e pódese concertar previamente un servizo de visitas guiadas.

Ferrol 0 Km
A Coruña 57 Km
Viveiro 91 Km
Santiago 99 Km

Parque Raíña Sofía: *Rúa Pintor Imeldo Corral, s/n*
15401 Ferrol - Tel. 981 944 221
Museo SGHN: *Praza de Canido s/n 15401 Ferrol*
Tel. 881 931 315 | 698 141 384

ferrol
doniños

A praia de Doniños é unha das máis populares de Ferrol pola beleza da súa paisaxe, a súa area fina, a limpeza das súas augas e as súas ondas, ***moi valoradas entre os surfistas***. Doniños é un lugar de interese natural e histórico que vale a pena visitar co alumnado.

O areal atópase a dez minutos en coche da área urbana e ten dous accesos: o da zona norte, ***Outeiro***, cun paseo de madeira, locais de hostalaría e un extenso piñeiral; e o da zona sur, ***Penencia***, o extremo da praia menos concorrido, que conta tamén cunha cafetería-restaurante.

A praia está ***rodeada por un complexo dunar*** onde se atopa a ***Lagoa de Doniños***, un espazo incluído na Rede Natura. A zona está habitada por un gran número de especies de ***flora e fauna de grande interese ecolóxico***, destacando a súa riqueza de aves acuáticas.

O lugar que alberga este lago está rodeado de misticismo e existen diversas lendas sobre el. A máis famosa conta que a zona estaba habitada por unha comunidade de veciños chamada Valverde que, pola súa maldade, recibiu un castigo divino en forma de onda xigante que somerxeu o asentamento. Os únicos superviventes serían dous nenos, suceso que explicaría o nome de Doniños.

Realmente, este topónimo parece provir da unión de dúas palabras gaélicas, "dún" e "inis" e significa "castro da illa". Esta expresión faría referencia ao asentamento celta que existiu no límite norte do areal, ***Punta do Castro***, e ás ***Illas Gabeiras***, uns illotes rochosos próximos á costa.

Un dos acontecementos históricos máis soados que tiveron lugar nesta zona da costa foi o ***intento de invasión das tropas inglesas*** do almirante Warren no 1800. A frota desembarcou no areal de Doniños co obxectivo de conquistar Ferrol, pero ***a unión veciñal conseguiu vencer aos británicos*** e evitar o ataque. O escenario da batalla foron os Montes de Brión, parroquia que cada verán conmemora a victoria cun festival.

Idades: Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Educación Física, Ciencias Sociais, Xeografía e Historia

Recomendacións: Pódese levar traxe de baño

Máis información:
Ruta pola Senda Ártabra: *masrutasymenosrutinas.com/doninos-cabo-priorino*

www.visitferrol.com *ferrolturismo@ferrol.es*

Concello de Ferrol Tel. 981 944 000
Praia de Doniños: 43°29'43"N 8°19'13"W
Castro de Lobadiz 43°30'30.8"N 8°19'39.3"W

Ferrol 9 Km
A Coruña 62 Km
Viveiro 94 Km
Santiago 105 Km



ferrol
baterías de costa

Idades: ESO e Bacharelato

Materias: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias Naturais, Educación Física

Máis información: Recurso con imaxes, guías e vídeos en www.observersciencetourism.com/es/destino/baterias-militares-de-ferrol-a-coruna

www.visitferrol.com ferrolturismo@ferrol.es

A recortada costa ferrolá alberga unha boa cantidade de baterías militares, un patrimonio que representa a pegada da historia defensiva da ría. Estes restos poden coñecerse a través dunha ruta habilitada polo Concello de Ferrol que percorre ***nove puntos desde os que se velaba pola protección do litoral ferrolán***.

As primeiras fortificacións construídas para este fin foron ***os tres castelos que flanquean a ría: San Felipe, A Palma e San Martiño (hoxe desaparecido), erixidos no século XVI***. Dous séculos máis tarde, iniciouse o proxecto de ***cinco baterías para reforzar a protección da costa***: as de Doniños, Prioriño Chico, Viñas, Cariño, San Cristobo e San Carlos. Estas estruturas póñense en funcionamento a partir do século XIX e teñen un papel determinante durante a ofensiva das tropas inglesas. A comezos do século XX as baterías dotáronse de pezas armamentísticas modernas, como os ***canóns Vickers***, que eran capaces de disparar proxectís de 800 quilos.

A opción máis recomendable para unha saída escolar é visitar algunhas das baterías e a súa espectacular contorna a través da ***ruta que conecta San Felipe e San Cristobo. O itinerario é de 8 quilómetros ida e volta***, pero ambos puntos son accesibles en coche se se quere acurtar esa distancia. As baterías de Prior e Monte Ventoso son menos axeitadas para unha excursión con menores porque se atopan en cantís con zonas algo perigosas.

Unha vez que se visitan estes lugares é obrigado facer parada nas ***calas e praias próximas, de gran beleza e interese ambiental***, así como tomar un tempo para descubrir a fauna e a flora que habita o litoral ferrolán.

Ferrol 8 Km
A Coruña 60 Km
Viveiro 95 Km
Santiago 103 Km

Ligazón de descarga para a guía informativa:
www.observersciencetourism.com/upload/documents/c1de093a777e819bfd9a20956f16687e.pdf

ferrol

san felipe

A ría de Ferrol estivo historicamente marcada pola súa importancia estratéxica para defenderse das ameazas de invasión á península. A súa recortada costa acollía un ***triángulo defensivo conformado por tres castelos***, o de ***San Felipe***, na beira ferrolá; o da ***Palma***, en Mugardos; e o de ***San Martiño***, en Ares, que xa non existe hoxe en día. No ***século XVI***, Felipe II mandou aos seus enxeñeiros á incipiente urbe para estudar a súa costa e construír estas edificacións para a Armada do reino. Esta triada, así como a súa forma de funil, permitía unha defensa total da ría, facéndoa inexpugnable ante as tropas inimigas. ***No século XVIII, os castelos de San Felipe e San Martín uníanse cunha grosa cadea*** como reforzamento das medidas de defensa. A ría foi vítima de diversos ataques de frotas británicas e francesas que puxeron a proba este sistema defensivo, resultando sempre en vitoria para os ferroláns.

A construción actual do castelo de San Felipe é o resultado da remodelación que se levou a cabo no século XVIII. A obra considérase como un exemplo de batería abaluartada, cun deseño que conta cunha zona de canóns dirixidos ao mar e outra zona con baluartes, unhas construcións que sobresaen da muralla para reforzar o seu carácter defensivo.

É posible coñecer a fortaleza cunha ***visita guiada*** na que o alumnado poderá achegarse a esta parte da historia de Ferrol. No interior da torre están abertas ***dúas exposicións permanentes***, unha sobre a evolución da defensa da ría e outra con información sobre o castelo. Ata o 15 de outubro é posible visitar ***a batalla de Brión feita con 700 figuras de Playmobil***.

Á fortificación chégase por terra ou por mar, a través ***dun percorrido en lancha*** que permite coñecer outras construcións, como os asteleiros ou o Arsenal Militar.

Na época estival e en Semana Santa organízanse tours teatralizados coa indumentaria dos soldados que custodiaban o castelo no século XVIII.

Idades: Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Ciencias Sociais, Historia

Horarios: De 10.00 a 18.00 horas en temporada baixa e 10.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 20.00 horas no verán.

Máis información: Hai un parque infantil nas proximidades do castelo e acceso e zona de estacionamento para coche e autobús.

Para as visitas en lancha é necesario contactar coa empresa Fernández Cabana no teléfono 620 926 958 ou en *info@fernandezcabana.es*

Para concertar visitas con guías oficiais da Xunta pódese chamar a Isabel (696 531 070) ou Xulio (661 275 545).

A entrada ao castelo é gratuíta.

O folleto do castelo está dispoñible para a súa descarga en *visitferrol.com/castillo-de-san-felipe*

San Felipe, Ferrol
43°27'53.0"N 8°16'54.0"W

Ferrol 8 Km
A Coruña 60 Km
Viveiro 95 Km
Santiago 103 Km

ferrol
museo naval

Idades: De Infantil a Bacharelato

Materias: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Tecnoloxía

Horarios: De martes a venres, de 9.30 a 13.30 / Sábados, domingos e festivos: de 10.30 a 13.30 horas

Prezo: Gratuíto

Servizos: Tenda de recordos

Máis información: *fundacionmuseonaval.com/museonavalferrol.html*

O Museo Naval é un espazo no que se pode coñecer a ***histórica vinculación da cidade de Ferrol coa Armada Española***. Está ubicado no primitivo Arsenal, no lugar no que se atopaba o antigo cárcere de San Campio, un edificio proxectado no ano 1765 por Julián Sánchez Bort.

A institución naceu coa función de aloxar as pezas recuperadas do naufraxio da ***fragata Madalena***, afundida nas costas de Viveiro no 1810. Vaixelas, munición, armas ou instrumentos de navegación son algúns dos restos rescatados desta embarcación que se poden descubrir nas súas salas.

Porén, foi ampliando os seus fondos e, na actualidade, a mostra completa do museo consta de ***2.600 pezas que dan conta da historia da Armada Española*** a través dos séculos: armamento, aparatos de navegación e cartografía ou bandeiras son algúns dos obxectos en exhibición. Tamén moitas curiosidades vinculadas coa vida naval.

Unha das coleccións máis destacables é a de ***áncoras de distintas épocas***, única no mundo. Outro dos grandes atractivos son as maquetas de gran formato de embarcacións icónicas, como as carabelas de Colón, o buque-escola Galatea ou o navío San Carlos Real de España.

As cociñas da prisión aproveitáronse para recrear ***esceas da vida cotiá dos mariñeiros do século XVIII***, mostrando a súa alimentación durante as navegacións. Ademais, os escolares poden coñecer como eran as enfermarías da época e decubrir algúns obxectos que agochan historias curiosas, como a medalla que Hitler lle concedeu ao cruceiro Canarias ou a cadeira que utilizaba Franco para pescar desde o iate Azor.

Ferrol 0 Km
A Coruña 50 Km
Viveiro 87 Km
Santiago 93 Km

Avda. Irmandiños s/n, Ferrol
Tel. 981 336 027

ferrol

museo da construción naval - exponav

O Museo da Construción Naval é, xunto co Museo Naval, situado xusto ao seu carón, un destino no que mergullarse e afondar na ***historia do sector naval, principal signo de identidade da cidade de Ferrol***. É unha visita moi interesante para facer cos escolares, xa que ***o museo dispón de itinerarios guiados adaptados segundo a idade.*** Ademais, tamén organiza ***obradoiros*** destinados á aprendizaxe de conceptos básicos de flotabilidade ou realización de nós mariñeiros, entre outras actividades.

Un dos atractivos que veñen de incorporar para escolares son as ***"guíaventuras"***, que consisten en propostas de percorridos polo museo seguindo unhas pistas a través do teléfono móbil, sen necesidade de descargar ningunha aplicación. Existen dúas con niveis de dificultade diferentes, unha para os máis pequenos e outra para mozos e adultos.

As amplas instalacións do museo, situadas nun edificio que mantén a estructura orixinal do século XVIII, albergan multitude de elementos cos que coñecer en profundidade a historia da construción naval da localidade. Tras a enorme caderna que dá a benvida aos visitantes atópanse centos de pezas que paga a pena coñecer. Algunhas das máis especiais son os ***restos do casco da fragata Madalena***, afundida en Viveiro en 1810; dúas cámaras que mostran o interior dunha nave do século XVIII e dunha moderna para observar as diferenzas entre ambas ou a reprodución dunha antiga ferrería.

A colección do museo é inmensa e constitúe un auténtico retrato da evolución da enxeñaría de construción naval, desde a carpintería de ribeira ata os máis modernos estaleiros. As visitas guiadas xunto cos recursos didácticos da institución facilitan o entendemento do funcionamento dos barcos ata para os máis pequenos.

Idades: Desde Infantil ata Bacharelato

Materias: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Física e Tecnoloxía

Horarios: Temporada baixa: Martes a venres de 10.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.00; sábados de 10.00 a 20.00 e domingos de 10.00 a 15.00. Temporada alta: Luns a sábados de 11.00 a 19.00. Domingos: de 11.00 a 15.00

Máis información: As visitas guiadas son gratuítas e hai que concertalas chamando ao 981 359 682 ou en *exponav@exponav.org*

Servizos: posibilidade de organizar obradoiros adaptados ás idades dos grupos e tenda de recordos

Máis información: *www.exponav.org*

Edificio de Herrerías
Avda. Irmandiños s/n. Ferrol
Tel. 981 336 027
www.exponav.org *exponav@exponav.org*

Ferrol 0 Km
A Coruña 50 Km
Viveiro 87 Km
Santiago 93 Km

faros e sendeiros

Idades: Quinto e Sexto de Primaria, ESO, Bacharelato

Materias: Xeografía, Historia, Educación Física, Ciencias Sociais, Bioloxía e Xeoloxía

Recomendacións: Para visitar calquera dos faros é aconsellable levar roupa axeitada para o vento

A parte do litoral que abrangue desde Ferrol ata Ribadeo presume de contar con paisaxes impresionantes nos que se ubican auténticas xoias patrimoniais: ***os faros da costa, coidados e xestionados pola Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao***. Nesta área costeira hai un total de nove puntos de interese que conforman a chamada Ruta dos Faros, un itinerario de fascinante beleza.

A ruta comeza na costa ferrolá, en Cabo Prioriño, onde se atopa o primeiro faro, construído no 1854. Na contorna próxima sitúanse dúas antigas baterías, a de Prioriño e a de Punta Viñas. Tamén en Ferrol, na parroquia de Covas, chegamos a unha nova parada, Cabo Prior. No medio dunha paisaxe de cantís recortados nos que o mar bate con forza, érguese o faro xunto cunha portabandeira e tres baterías de costa.

Continuando ao norte, ***na vila de Cedeira, está o faro de Punta Candieira***, situado no bordo dun cantil ao final dunha vertixinosa baixada que se pode facer en coche. A torre leva funcionando desde 1954 e a súa contorna ofrece unha ***panorámica única do Atlántico***.

Na comarca de Ortegal, as rochas do manto terrestre asoman á superficie, algo insólito na península que dota ao lugar dun importante valor xeolóxico (ver páxina do Xeoparque do Cabo Ortegal). É aquí onde se atopa ***o faro de Cabo Ortegal,*** construído nunha atalaia dende onde se pode gozar dunhas vistas que quitan o alento.

Xa na Mariña Lucense, no Vicedo, pódese visitar un dos puntos máis populares da costa galega, ***a Punta Socastro, lugar máis coñecido como O Fuciño do Porco***. Un longo paseo de madeira traza o percorrido que chega ao bordo do saínte rochoso onde se ubica o faro. Despois do intenso percorrido para chegar ata alí, as súas espectaculares vistas son o mellor premio.

O último punto da ruta norte dos faros está na ***Illa Pancha de Ribadeo, ao límite con Asturias.*** Este illote conéctase coa terra a través dunha ponte e alberga un faro construído a finais do século XX en substitución do anterior, de 1857, que agora funciona como hotel e conta cun bar.

Sede: Peirao de Curuxeiras s/n. Ferrol
Tlfo. 981 338 000
www.apfsc.com *ferrol@apfsc.es*

esmelle

proxecto esmelle e museo pérez porto

O val de Esmelle alberga ***un enorme patrimonio etnográfico*** de gran atractivo e valor ambiental. No 2003, os veciños da zona promoveron o Proxecto Esmelle, unha iniciativa para atraer a atención das administracións cara estes espazos que estaban desatendidos e case esquecidos e puxéronse en marcha para traballar na restauración dos antigos muíños e a conservación do bosque autóctono.

Lavadeiros, fontes, muíños, hórreos, un castro celta e a praia son algúns dos elementos que conforman o conxunto patrimonial da contorna, que pode coñecerse a través de diferentes rutas de sendeirismo a pé ou en bicicleta. Os grupos de escolares poden solicitar que un membro da Asociación de Veciños os acompañe para facer de guía. Ademais, o aprendido durante a excursión pode reforzarse posteriormente na aula coas unidades didácticas das que dispón a asociación. Unha das posibles andainas é a ***Ruta dos Sentidos, inspirada no libro Merlín e Familia, de Álvaro Cunqueiro***, na que se poden atopar paneis con fragmentos da obra e unha estatua do mago. Outro percorrido interesante é a ***Ruta dos Muíños***, que conta con ata 22 diferentes.

A Asociación de Veciños Val de Esmelle tamén promoveu a creación ***dun museo dedicado a albergar a obra do ceramista fenés Pérez Porto***, un espazo moi especial que tras varios anos de traballo abriu as súas portas este verán. O museo está situado nun inmoble da zona de A Cochera cedido por unha veciña, ao que se lle fixeron varias reformas para poñelo a punto. Conta con dúas salas de exposicións nas que se pode gozar das coloridas pezas de Pérez Porto, autor da estatua do Mago Merlín instalada nas proximidades do museo, na Ruta dos Sentidos.

A obra do artista baséase ***na representación do mundo rural e tradicional galego e os seus mitos e lendas***, buscando reflectir o sentido e a defensa da identidade da terra. Unha visita ás instalacións pode ser moi enriquecedora para transmitir estes valores aos escolares ao mesmo tempo que se estimula a súa sensibilidade artística.

Idades: Terceiro ciclo de Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Bioloxía, Ciencias Naturais, Xeografía e Historia, Lingua e Literatura, Educación Física, Educación Plástica, Historia da Arte

Duración:
Ruta Muíños: entre dúas e tres horas, 6 km, dificultade baixa
Ruta dos Sentidos: sobre dúas horas, 3 km, dificultade baixa
Ruta da Poza da Lagoa: sobre dúas horas, 3 km, dificultade media. A Ruta dos Muíños ten unha unidade didáctica para traballar na aula. Solicítaa no enderezo avvvalledeesmelle@gmail.com.

Horario museo: Xoves de 17.00 a 20.00 horas. Sábados de 11.00 a 13.00. Prezo: 1€

Reservas para grupos: avvvalledesmelle@gmail.com / 629 368 114

Información sobre aluguer de bicicletas: no 646 109 150 ou en cbttvalledeesmelle@gmail.com

Local social de Esmelle 15594 Ferrol
Tel. 605 932 677
www.facebook.com/valledeesmelle
avvvalledeesmelle@gmail.com

Ferrol 8 Km
A Coruña 57 Km
Viveiro 88 Km
Santiago 100 Km

Un campus no corazón de Ferrol

Somos un campus innovador no corazón de Ferrol

O Campus Industrial de Ferrol, que pertence á Universidade da Coruña, é o primeiro campus de especialización acreditado polo Sistema Universitario de Galicia

Baixo o paraugas do *Campus Industrial de Ferrol* puxéronse en marcha as dúas primeiras titulacións **bilingües** do Sistema Universitario de Galicia -o grao en *Xestión Industrial da Moda* e o grao en *Relacións Internacionais*- así como o primeiro **grao dual**, o grao en *Enxeñaría Eléctrica*. Entre as súas especialidades destaca tamén o **grao aberto** en *Enxeñaría Industrial*, unha opción que lle permite ao alumnado elixir a titulación que quere estudar no segundo ano.

Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT)

- **Canle de Ensaios Hidrodinámicos**
- **Laboratorio de Plásticos**
- **Laboratorio de Química**
- **Laboratorio de Mecánica de Fluídos**
- **Laboratorio de Propiedades Térmicas e Reolóxicas de Materiais**
- **Laboratorio de Análise Estrutural**
- **Laboratorio de Aplicacións Industriais do Láser**
- **Laboratorio de Combustibles**

Edificio de Talleres Tecnolóxicos

Adscrito á Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol

- **Laboratorio de Robótica**
- **Laboratorio de Enxeñaría Mecánica**

Biblioteca Casa do Patín

A Casa do Patín construíuse arredor do ano 1750 como edificio de vivendas para aloxar ao persoal do Estaleiro no Cadro de Esteiro. A finais do século XX foi rehabilitada pola Universidade da Coruña e o Concello de Ferrol e abriu as súas portas como biblioteca universitaria no 1996 con 275 postos.

Na actualidade alberga máis de 60.000 libros e preto 1.000 revistas especializadas.

Xardín botánico

Forma parte do conxunto histórico das antigas instalacións do Hospital Naval e conta con 40 especies arbóreas distintas, desde cedros do Líbano, do Atlas ou de Xapón ata cornidilias de Nova Zelanda, cerezos de Pissard, tuias orientais ou plataneiros.

Oferta Formativa Curso 2022/23

Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol (EPEF)

- **Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais**
- **Grao en Enxeñaría Mecánica**
- **Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica**
- **Programa de Simultaneidade Grao en Enxeñaría Mecánica + Enxeñaría Naval e Oceánica**
- **Grao en Enxeñaría Eléctrica (con opción de cursar a modalidade DUAL no último ano)**
- **Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática**
- **GRAO ABERTO en Enxeñaría Industrial (elíxese a carreira no segundo curso)**

Escola Universitaria de Deseño Industrial (EUDI)

- **Grao en Enxeñaría de Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto**

Facultade de Humanidades e Documentación

- **Grao en Xestión Industrial da Moda (bilingüe - Nivel B1 de inglés)**
- **Grao en Relacións Internacionais (bilingüe - Nivel B1 de inglés)**
- **Grao en Xestión Dixital da Información e Documentación**

Facultade de Ciencias do Traballo

- **Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos**

Facultade de Enfermaría e Podoloxía

- **Grao en Enfermaria**
- **Grao en Podoloxía**

Queres programar unha visita ao Campus Industrial de Ferrol?

Antes de decembro se queres que a túa visita sexa entre os meses de xaneiro e febreiro de 2023.
Antes de marzo se queres que a túa visita sexa entre os meses de abril e maio de 2023.

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

CAMPUSINDUSTRIAL

comunicacion.campus.industrial@udc.gal

881 013 621

narón
aldea nova

No lugar de Lagoela atópase Aldea Nova, un ***Parque Temático Integral de Desenvolvemento Rural*** cuxa misión é a posta en valor e o respecto pola natureza e a tradición e identidade galega. Inaugurouse en 2008 e, tras un período de inactividade, reabre este ano as súas portas con importantes transformacións con respecto ás anteriores instalacións.

O recinto conta con ***máis de 35.000 metros cadrados de superficie*** que permiten facer unha gran diversidade de actividades. En Aldea Nova a oferta lúdica e de lecer é moi ampla, permitindo aos centros adaptar a visita aos intereses e necesidades do grupo. Durante a excursión, os escolares poden mergullarse na natureza e coñecer a través de guías especializados as ***árbores autóctonas*** que habitan o monte de Aldea Nova, o ***funcionamento da horta e do invernadoiro*** ou a vida das abellas cunha ***visita ao apiario***. Tamén é posible asistir a un ***obradoiro no que aprenderán a facer o seu propio pan nun forno tradicional*** ou coñecer no seu ***museo etnográfico*** as ferramentas de labranza tradicionais coas que se traballaba o campo no pasado.

O parque conta cun aulario habilitado para impartir obradoiros e charlas de distintas temáticas educativas e dispón de ***aulas-laboratorio equipadas con microscopios***. Un dos principais atractivos deste edificio é o seu ***planetario***, cunha cúpula de seis metros na que os nenos e nenas poden visionar proxeccións e asistir a explicacións sobre o espazo exterior.

Ademais de todo isto, o espazo aspira a convertirse nun parque de aventuras que contará con ***tirolesas, zonas tipo rocódromo e espazos para organizar guerras de "laser tag"***.

As instalacións dispoñen dun comedor interior con capacidade para uns 150 comensais e dun amplo patio cuberto con luz natural apto para xogos e actividades, de modo que os días nos que o tempo non acompañe a excursión poida aproveitarse igualmente.

Idades: De Infantil á ESO

Materias: Ciencias Naturais, Bioloxía, Ciencias Sociais, Xeografía e Historia

Duración: Media xornada ou xornada completa. As instalacións dispoñen dun albergue de 40 prazas se se quere organizar unhas xornadas de convivencia ou un campamento

Prezo para escolas: entre 10 e 12 euros por neno, segundo as horas. O parque funciona todo o ano, tamén en fin de semana

Máis información: Para concertar unha excursión ou coñecer máis detalles hai que poñerse en contacto co Concello de Narón.

Lagoela s/n. San Estevo de Sedes
15596 Narón
aldeanovagranja@gmail.com

Ferrol 15 Km
A Coruña 56 Km
Viveiro 72 Km
Santiago 99 Km

GADIS

Alimentes Dixital é a plataforma educativa de Gadis que ofrece ao profesorado e alumnado unha experiencia que afonda en aspectos relacionados coa sostibilidade, os hábitos saudables e o consumo responsable. A través de vídeos, explicacións e fichas interactivas, permite coñecer o percorrido que fan os alimentos desde o mar ou o campo ata chegar as nosas casas cun contido de calidade adaptado ao currículo oficial de Galicia e Castela e León dos niveis de infantil e primaria.

A lonxa, a agricultura, a gandería, os almacéns, a chegada a tenda, a froitería, a peixaría, os lineais, a caixa e a chegada a casa son as 10 unidades didácticas que compoñen Alimentes Dixital. Cada unidade conta cun vídeo que mostra o funcionamento dese elo da cadea con contido *in crescendo* desde o primeiro ciclo de infantil ata sexto de primaria. Ademais, o profesorado ten acceso a información ampliada e o alumnado pode realizar fichas interactivas para reforzar os coñecementos adquiridos.

Os materiais están pensados para que poidan ser traballados na aula co alumnado ou, se se prefire, é posible enviar unha ligazón para que o contido e os exercicios sexan realizados en casa.

Completar as unidades de Alimentes Dixital pode ter premio. As primeiras clases en completar os temas reciben como obsequio o **Prato Alimentes**, unha ferramenta baseada no prato Harvar moi útil para aprender a distribuír as proporción de alimentos saludables en cada comida.

O programa Alimentes Dixital estará **dispoñible de xaneiro a maio de 2023 para a comunidade educativa de Galicia e Castela e León.**

Para solicitar participar neste programa tan só é necesario ir á seguinte dirección web e apuntar o colexio. Unha vez que se inicie a campaña, contactaremos coas persoas interesadas.

ALIMENTES

neda

percorrido pola natureza

Unha das vistas da Ría de Ferrol que goza de maior popularidade na zona é a que se pode admirar dende o ***miradoiro de Ancos***, situado nun monte do concello de Neda de 262 metros de altitude.

Desde aquí, a vista abarca unha ***ampla panorámica na que se poden contemplar a totalidade da cidade de Ferrol e a desembocadura do río Grande de Xuvia***. Ademais, nos días despexados poden chegar a verse no horizonte a vila de Sada e a cidade de A Coruña.

O camiño para chegar á cima do monte de Ancos é bastante esixente, pois hai que percorrer unha vía de tres quilómetros cunha acusada pendente do 14%. Polo tanto, non é unha actividade axeitada para facer con nenos e nenas pequenas e tampouco é recomendable en días calorosos. Con todo, non é necesario subir a pé, pois o miradoiro conta cun ***espazo para estacionamento*** de coches e autobuses, o que facilita as excursións escolares.

A contorna do monte de Ancos caracterízase non só pola beleza da súa paisaxe senón tamén polo valor ambiental da súa fauna e flora. No 2018 o concello iniciou un proceso de ***repoboación de especies arbóreas autóctonas*** como as castiñeiras, co obxectivo de previr a extensión de incendios e favorecer a conservación do hábitat natural da zona.

Ademais, no cumio máis baixo dos tres que compoñen o monte poden verse os ***restos do castro de Ancos***. Este asentamento está relacionado coa lenda da antiga cidade de Libunca, unha urbe que supostamente estivo habitada na zona ata ben entrada a Idade Media.

Xa na vila destaca o ***paseo marítimo***, que limita nun extremo co concello de Narón e noutro con Fene. Este espazo dispón de varios servizos para facer unha parada durante a excursión, como bancos e áreas de descanso, tres parques infantís e unha pista polideportiva para xogar ao aire libre.

Idades: Desde Primaria a Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Educación Física

Recomendacións: Levar prismáticos ao monte de Ancos enriquecerá a visita. Tamén son recomendables no paseo marítimo para observar as aves que alí descansan

Monte de Ancos 43°31'03.6"N 8°08'28"W
Concello de Neda Tel. 981 380 039
neda.gal

Ferrol 13 Km
A Coruña 53 Km
Viveiro 78 Km
Santiago 97 Km

neda

xogando coa auga

Idades: Desde Infantil a Bacharelato

Materias: Educación Física, Ciencias Naturais, Xeografía e Historia, Bioloxía

Duración: Estímase en media xornada cada unha das rutas

Recomendación: Levar auga e roupa e calzado axeitados para camiñar. Ter especial coidado durante o inverno porque o chan pode estar esvaradío

Na vila de Neda a auga é un elemento característico, pois os caudais dos ríos que pasan polo concello enchen todos os seus recunchos. Un dos espazos máis emblemáticos nos que a auga é a protagonista é a ***Fervenza do Río Belelle***, unha das paisaxes fluviais máis atractivas da comarca. Este ***salto de auga é de 45 metros*** e na súa base hai varias ***pozas naturais*** nas que é habitual ver a xente bañándose no verán. As mellores épocas para admirar a fervenza son o outono e o inverno, pois o caudal do río Belelle aumenta e a auga cae con maior forza polas rochas.

Para contemplar esta fermosa caída de auga pódese seguir unha ***ruta circular que comeza no pazo de Isabel II, unha antiga fábrica de tecidos inaugurada no 1843*** onde hai espazo para estacionar. A partir de aquí, o camiño discorre á beira do ***río Belelle*** e constitúe unha valiosa mostra do pasado industrial da localidade. Neste lugar chegaron a existir ata 40 instalacións entre as que se contan muíños, fábricas e ferrerías. No primeiro tramo do itinerario pásase ao lado do antigo muíño da Barcia e da central hidroeléctrica de Neda, construída a comezos do século XX e aínda en activo.

Tras atravesar o río Belelle, uns paneis informativos indican distintos camiños que se poden tomar. Unha das opcións conduce directamente ao pé da fervenza, mentres que outra se dirixe a un miradoiro-cenador de madeira dende onde tamén é visible este espectacular salto de auga. A terceira alternativa permite subir ata o miradoiro de Viladonelle, que ofrece unha preciosa panorámica da paisaxe fluvial.

A boa calidade da auga nedense explica a popularidade do seu produto máis coñecido, o pan. O seu bo sabor e textura fan que Neda sexa coñecida polos galegos como a capital do trigo de Galicia. Desde hai máis de 30 anos organízase aquí a chamada ***Festa do Pan*** na primeira fin de semana de setembro.

Ferrol 13 Km
A Coruña 53 Km
Viveiro 78 Km
Santiago 97 Km

Fervenza Belelle 43°28'56.1"N 8°07'16.8"W
Concello de Neda Tel. 981 380 039
neda.gal

fene

praias e ocio activo

Fene é un bo lugar para facer cos máis novos actividades de ocio activo relacionadas co mar, especialmente nas épocas nas que o bo tempo acompaña. Ao principio e ao final do curso, cando quenta o sol, pódese aproveitar para organizar unha excursión ás encantadoras praias deste municipio, moi recollidas.

O concello conta con sete, ***ubicadas entre a ría de Ferrol e a ría de Ares***, cunha orientación xeográfica privilexiada que ofrece, ademais, vistas fermosas do resto de calas da ribeira. Todas elas ***son de ría, con augas tranquilas e seguras*** para que os máis pequenos proben a nadar ou a facer deportes acuáticos como piragüismo ou palasurf. Ademais, son ***areais pequenos, pouco concorridos***, e aínda que se trata de espazos non urbanizados, en plena natureza, é doado chegar a eles, polo que constitúen un destino cómodo para as excursións escolares.

Entre estas praias destacan as de ***Río Sandeo, Río Castro e Coído***, todas elas pertencentes á parroquia de Limodre e de gran beleza paisaxística. Tamén en Limodre pódese visitar a praia de ***Almieiras***, un pequeno areal en forma de cuncha de ambiente familiar que destaca pola tranquilidade das súas aguas e pola súa area fina. Este último posúe servizos de ducha, aparcadoiro e accesos adaptados. Tamén dispón de servizos de restauración a poucos metros.

Todos os areais están conectados a través dunha senda natural apta para facer un roteiro de sendeirismo de pouca dificultade no que se poden apreciar a fauna e flora autóctona e completar así o día de praia. Combinar unha camiñada co posterior descanso na area e un baño traquilo é unha proposta excelente para un día de excursión escolar.

Idades: Educación Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Educación Física, Ciencias Naturais, Bioloxía e Xeoloxía

Máis información: *fene.gal/turismo/index-turismo/es*

Concellerías de Ensino e Deportes
Av. de Naturais, 44, entresollado. Fene
Teléfono: 981 340 366 / Mail: cultura.deportes@fene.gal

Ferrol 6 Km
A Coruña 46 Km
Viveiro 80 Km
Santiago 87 Km

MUSEO DO HUMOR

fene

museo do humor xaquín marín

Idades: De Infantil a Bacharelato

Materias: Educación Plástica, Ciencias Sociais, Debuxo

Horarios: Visitas guiadas en horario de mañá de luns a venres de 10:00 a 13:00

Máis información: *fene.gal/museo-do-humor/portada-museo-humor/gl*
Teléfonos: 981 342 400 / 981 341 451

Enlaces a percorridos virtuais: Á exposición "Volta á Orixe"
my.matterport.com/show/?m=LQdGRM4MdME
Ao museo *my.matterport.com/show/?m=zS7Bx8kprVB*





A educación artística, fundamental para o desenvolvemento da creatividade e a sensibilidade dos nenos e nenas, ás veces é un ámbito desatendido por falta de inclinación dos pequenos. Unha visita ao Museo do Humor de Fene, que recentemente cambiou a súa denominación pola de Museo Xaquín Marín, é un bo comezo para incentivar o interese dos máis novos pola arte e ao mesmo tempo axudar a desenvolver o seu sentido do humor, tan necesario para a xestión saudable das emocións. A través das ***obras de salientables humoristas galegos como Siro López, Reimundo Patiño, Xaquín Marín ou Luis Davila***, a rapazada poderá deixar voar a súa imaxinación, rir e aprender.

Precisamente, o debuxante Xaquín Marín foi quen fundou o museo en 1984, un ano despois de percorrer Galicia xunto con Siro López difundindo un manifesto en defensa do humor galego, un ben inmaterial que consideraban en perigo de extinción.

O museo alberga unha ***exposición permanente que conta con arredor de 300 pezas*** do máis variado: ilustracións orixinais, divertidas esculturas ou espellos cóncavos e convexos son algunhas das súas atraccións que se poden atopar nas súas salas.

Pódese solicitar unha guía para que a visita polo museo sexa máis divertida e, ademais, organízanse obradoiros artísticos para todas as idades nos que materializar as ideas e creatividade do alumnado.

O museo estreou recentemente na súa web un ***espazo de percorridos virtuais*** polas súas instalacións que se pode mostrar na aula antes da visita para suscitar o interese dos alumnos polo que se van a atopar. Unha desas exposicións é a ***antolóxica de Xaquín Marín***, que xa non está dispoñible no museo pero que é posible coñecer virtualmente como complemento da visita física.

Ferrol 6 Km
A Coruña 46 Km
Viveiro 80 Km
Santiago 87 Km

Avda. de Conces, 20-22. Fene
museodohumor@fenecidadan.gal
museodohumor@gmail.com

as pontes de camiñada

as pontes en pezas, rutas sendeiristas, a ruta industrial e o lago

No ano 2017 arrancou en As Pontes unha proposta dedicada a encher de arte os recunchos da vila, creando un auténtico ***museo ao aire libre*** que retrata a historia e características da localidade a través de diversas técnicas artísticas. Trátase de ***As Pontes en Pezas***, un proxecto que xa conta con máis de 40 obras elaboradas tanto por artistas como pola veciñanza.

Os creadores teñen liberdade total para botarlle imaxinación ás súas propostas, polo que neste particular museo hai obras do máis variado, dende graffitis ata fotografías e murais de gran formato.

Os obxectivos desta iniciativa son a promoción da convivencia e cooperación entre a veciñanza e a estimulación da súa creatividade na elaboración de pezas que poñan en valor as historias, lendas, oficios, personaxes e valores característicos da vila pontesa. É sen dúbida un bo xeito de incentivar a sensibilidade artística do alumnado así como de transmitirlles os valores sociais que motivan este proxecto.

Pero ademais de camiñar pola vila, As Pontes conta con dúas rutas de sendeirismo coas que inculcar valores de coidado e respecto ao medio natural.

A ***Senda da Ribeira*** arranca xunto á emblemática ponte de García Rodríguez, que data do ano 1376 e que tamén é coñecida como Ponte Vella ou Ponte dos Ferros. Esta construción recibe o nome do cabaleiro García Rodríguez de Valcárcel, o señor destas terras, que a mandou levantar en agradecemento á axuda prestada na guerra contra o seu medio irmán, o rei Pedro I de Castela, O Cruel.

Esta ruta circular discorre ao longo de seis quilómetros por un paseo de madeira xunto ao río Eume, a Igrexa de Santa María, do século XVI, a ponte de Isabel II, construida en 1862, e os muíños da Ribeira e Alende.

É un percorrido de trazado fácil e con espazos nos que descansar e xogar, como a área recreativa da Ribeira Nova.



Idades: Primaria (As Pontes en Pezas e a Senda da Ribeira), ESO e Bacharelato

Materias: Educación Plástica e Visual, Historia e Xeografía, Historia da Arte, Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Bioloxía, Xeoloxía

Máis información sobre As Pontes en Pezas: *enpezas.aspontes.org*

Casa do Concello
Parque Municipal, s/n
Teléfono 608 201 251

Ferrol 27 Km
A Coruña 54 Km
Santiago 97 Km
Viveiro 64 Km

as pontes de camiñada

as pontes en pezas, rutas sendeiristas, a ruta industrial e o lago

Máis información sobre as rutas de sendeirismo:

Senda da Ribeira: www.turismo.gal/recurso/-/detalle/200522000137
Senda das Fragas: www.turismo.gal/recurso/-/detalle/170526000748

Máis información sobre o lago e a ruta industrial:

www.experienciaindustrial.es/ruta-industrial

Pola súa parte, a ***Senda das Fragas de Ribeira e Lostegal*** é tamén un itinerario circular aínda que máis esixente, con desniveis pronunciados e cunha lonxitude de 19 quilómetros, que percorre lugares de gran atractivo paisaxístico como o Alto da Carballeira, desde onde pode divisarse unha magnífica panorámica da vila, e as Fragas de Lostegal e da Ribeira, onde se pode admirar a súa abundante e diversa vexetación.

As Pontes é, ademais, un dos destinos de referencia en España para o chamado ***turismo industrial***, debido ao seu grande patrimonio fabril. Desde 2021, a localidade forma parte da Rede Europea de Patrimonio Industrial (ERIH).

A historia da vila mineira estivo tradicionalmente marcada pola súa intensa actividade industrial. Nos anos 40 comezou a funcionar a ***mina de As Pontes***, que naquel momento foi a maior explotación a ceo aberto de España. Alí extraíase a gran escala o carbón do chan pontés, da variedade lignito pardo montés. Este primeiro fito industrial motivou a posterior aparición das centrais eléctricas e os encoros que supuxeron o crecemento da vila. Hoxe, o oco da mina está ocupado por un lago artificial, un espazo de grandes dimensións idóneo para realizar xogos e outro tipo de actividades de lecer, sobre todo de ámbito náutico. Tamén é destacable a central térmica de Endesa, que presume de ter unha característica ***cheminea, a máis alta de Europa***, con 356 metros.

O Concello de As Pontes trazou unha ruta que percorre os puntos máis emblemáticos da paisaxe industrial pontesa. Existen dous posibles itinerarios: Un é circular e máis curto (1 hora a pé) e outro é máis extenso (máis de 2 horas). Ambos, axitados para cubrir coa rapazada, comezan e rematan no Punto de Información Turística situado no lago, onde proporcionan mapas das rutas, aínda que tamén se poden consultar toda a información sobre elas na web de ***As Pontes Experiencia Industrial***. Os dous itinerarios son percorribles a pé ou ben en bicicleta e contan cunha boa sinalización e paneis informativos para coñecer máis sobre a contorna, a fauna e a flora.

Ferrol 27 Km
A Coruña 54 Km
Santiago 97 Km
Viveiro 64 Km

Casa do Concello
Parque Municipal, s/n
Teléfono 608 201 251

as pontes

casa do mel e museo etnográfico

A ***Casa do Mel*** é un espazo moi activo que propón numerosas actividades para achegar aos pequenos ao mundo das abellas. Desde o ano pasado veñen organizando as ***apirrutas***, dous percorridos de senderismo, un máis curto e outro máis extenso, nos que se visitan os tres apiarios situados na zona de rehabilitación de Endesa. Estes itinerarios compleméntanse cunha charla explicativa sobre o oficio da apicultura na súa aula da natureza.

Por outra banda, a Casa do Mel segue mantendo as ***visitas guiadas á casa-museo***, onde ademais do acceso ás exposicións os nenos poden participar en obradoiros de cera e catas de mel. Para todas as actividades guiadas en grupo é imprescindible reservar con antelación.

Na praza da Igrexa do concello atópase o ***Museo Etnográfico Monte Caxado***, un espazo que alberga arredor de ***4.000 pezas pertencentes á vida cotiá da veciñanza pontesa e galega*** ao longo do tempo. Trátase dunha colección impulsada polo mestre José López Ferro no ano 1984, que non deixou de medrar desde entón grazas ás aportacións dos veciños. O propósito desta iniciativa é manter viva a lembranza do patrimonio e garantir que os máis novos poidan coñecer a cultura, historia e costumes de Galicia a través das pezas do seu pasado. ***O museo está dividido en áreas temáticas***: oficios, vida cotiá, a casa, a escola, a emigración ou o xoguete son algunhas delas.

É posible visitar o museo facendo un itinerario guiado, labor da que se ocupa López Ferro, quen tamén xestiona os fondos do museo.

Idades: Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias Naturais, Bioloxía

Información Casa do Mel: O prezo da entrada son 3 € por persoa, con guía.
O horario por semana é a convir polo grupo e as fins de semana de 16:00 a 21:00.
É necesaria unha reserva previa chamando ao 661 003 616.
Hai unha tenda de mel e de produtos apícolas.
Ten un aparcadoiro amplo.
www.casadomel.es

Información Museo Etnográfico: O prezo é gratuíto e a visita con guía.
O horario é de martes a venres de 18:00 a 19:30 e sábados, domingos e festivos de 11:30 a 13:00.
As visitas en grupo pódense concertar previamente no horario que mellor lles conveña, chamando ao 670 509 697 ou escribindo a
info@montecaxado.gal *www.montecaxado.gal*

Casa do Mel:
Estrada Pontedeume-As Pontes (AC-564), 5 Goente
661 003 616 / 981 102 249
Museo Etnográfico Monte Caxado:
Praza da Igrexa, As Pontes. 670 509 697 / 698 148 890

Ferrol 27 Km
A Coruña 54 Km
Santiago 97 Km
Viveiro 64 Km

Urban Planet
FOREVER JUMP
LA DIVERSIÓN + AUTÉNTICA PARA TUS ALUMNOS
Un espacio indoor con más de 3.000m2 de camas elásticas y atracciones, diseñado para disfrutar del deporte y divertirse de forma segura con sus amig@s en Urban Planet.
CENTRO COMERCIAL PARQUE OLEIROS
MÁS INFO Y RESERVAS EN:
info.oleiros@urbanplanetjump.es
881 244 287

xeoparque do cabo ortegal

Deputación DA CORUÑA

A área norte da provincia da Coruña alberga un tesouro de gran valor xeolóxico que ofrece unha oportunidade única para traballar co alumnado os contidos das aulas de Ciencias Naturais e Xeoloxía. O complexo rochoso esténdese por ***630 quilómetros cadrados distribuídos polos concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño***. Polas súas características singulares, o conxunto aspira a convertirse en Xeoparque e a conseguir o recoñecemento da UNESCO de Global Geopark.

Neste lugar hai nada menos que ***52 Lugares de Interese Xeolóxico*** e cinco deles gozan de relevancia internacional. O máis salientable deste espazo ten que ver coa presenza na superficie de ***rochas do manto terrestre***, que habitualmente se atopan a 70 quilómetros baixo a terra. Un auténtico regalo para os xeólogos, pois en moi poucos lugares do mundo se pode ver o que sucede nas entrañas da Terra como acontece aquí.

Os tesouros xeolóxicos da contorna poden coñecerse mediante ***diferentes rutas guiadas*** da man de Francisco Canosa, doutor en Xeoloxía e principal impulsor do proxecto do Xeoparque. No 2015, Canosa elaborou unha guía onde se recollen os sete itinerarios habilitados para achegar á sociedade o patrimonio xeolóxico.

Entre a multitude de puntos de valor xeolóxico agochados na zona, os percorridos propostos por Canosa permiten coñecer algúns dos máis interesantes, como o Macizo do Limo en Cariño, os cantís de San Andrés de Teixido e os de Víxía Herbeira, os máis altos da Europa continental. Nesta zona atópase a curiosa ***praia de Teixidelo, a única do mundo de área negra non volcánica***.

Idades: Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Bioloxía e Xeoloxía, Xeografía e Historia, Ciencias Sociais, Educación Física

Máis información en
turismo.dacoruna.gal/gl/descargas/proxecto-de-xeoparque-do-cabo-ortegal

xeoparque do cabo ortegal

Outros dos accidentes xeográficos máis famosos do conxunto son o cabo Ortegal, onde están ***as rochas máis antigas da Península Ibérica***; e o de Estaca de Bares, o seu punto máis setentrional e o lugar no que se separan as augas do Atlántico e o Cantábrico.

No complexo do proxecto de Xeoparque teñen tamén especial relevancia as ***acumulacións de minerais do interior dalgunhas covas***, que se poden visitar nestes itinerarios guiados. É o caso das antigas minas de cobre de Cerdido ou Moeche, onde se poden observar curiosas estalactitas e estalagmitas de cor azul.

Ademais, os espazos naturais desta zona da costa caracterízanse pola súa riqueza de flora e fauna. De feito, toda a franxa do litoral dende Valdoviño ata Ortigueira ten algún grao de protección de ámbito europeo, con áreas declaradas de Especial Conservación, Especial Valor Natural ou Especial Protección para as Aves, pois é ***lugar de paso migratorio de moitas especies aviares***.

A grande riqueza xeolóxica e natural de todos estes espazos é asunto de investigación dende mediados do século XX e ofrece unha oportunidade única a escolares e adultos de coñecer nunha contorna espectacular a historia e características do noso planeta. Este excepcional valor científico e ambiental impón a necesidade de protexer e dar a coñecer a zona a través de labores de divulgación, que fomenten ao mesmo tempo o desenvolvemento sostible dos espazos. Este é un dos obxectivos chave que se persegue co proxecto de Xeoparque: converter este lugar nun ***destino turístico de calidade*** que contribúa á dinamización social, cultural e económica dos concellos implicados.

Máis información sobre o proxecto e as xeorrutas:
proxecto.xeoparquecaboortegal.gal/es/

Concellos participantes:
Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño

fragas do eume

mosteiro de caaveiro e fragas do eume

As Fragas do Eume están recoñecidas como un dos bosques atlánticos costeiros mellor conservados de Europa. Coas súas ***9.000 hectáreas de extensión*** é o segundo bosque máis grande de Galicia e nel habitan diferentes especies arbóreas que en conxunto forman unha contorna natural única.

Desde a Deputación da Coruña promóvese o coñecemento deste patrimonio entre os escolares a través de propostas de turismo escolar, entre as que se inclúen rutas polas Fragas do Eume. O obxectivo destas iniciativas é inculcarlle aos nenos e nenas o interese por descubrir a contorna da provincia e o valor da conservación e preservación destes contornos naturais.

"O segredo do Eume" é o itinerario proposto para adentrarse no bosque eumés e descubrir o ***Mosteiro de Caaveiro,*** un templo do século X erixido no alto dun montículo rochoso entre os ríos Eume e Sesín. Dentro do recinto existe un pequeno centro de interpretación do patrimonio do mosteiro onde se explican as distintas estancias que albergaba: as igrexas, a sancristía, o cabildo, o arquivo, a torre do campanario, etc.

Ademais desta, existen catro rutas escolares máis para percorrer outros puntos da provincia, adaptables segundo as necesidades e intereses de cada centro:

"Testemuñas de pedra" traza un itinerario desde o Pazo das Torres do Allo, un dos máis antigos de Galicia, ata o castelo de Vimianzo, datado no século XIII.

"Ritual e tradición" é unha ruta para coñecer a historia da tradición da olería facendo parada no ECOmuseo Forno do Forte en Buño. A excursión complétase cunha visita ao Dolmen de Dombate, mostra da arte megalítica da provincia.

No itinerario do ***"Bosque animado"***, descubrirán as históricas casas señoriais galegas coa visita a dúas vivendas, o Pazo de Mariñán e a Villa Florentina, inspiración da novela de Wenceslao Fernández Flórez que bautiza a ruta.

"Romanos no Mandeo" inclúe a visita ao Centro de Interpretación de Teixeiro para coñecer o patrimonio natural das ribeiras dos ríos galegos.

Idades: De Infantil a Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Bioloxía, Xeografía e Historia, Ciencias Sociais, Educación Física

Información dobre as rutas guiadas: A Deputación ofrece visitas e actividades guiadas dunha duración estimada de dúas horas. Para reservar data e ruta o profesorado debe poñerse en contacto coa Deputación.

Teléfono de contacto: 981 080 753

Correo electrónico: turismo.escolar@dacoruna.gal

Centros de recepción de visitantes:
Estrada Pontedeume-Mosteiro de Caaveiro, km 6, Ombre
Estrada DP-5003 Mosteiro de Monfero
Museo Etnográfico da Capela. O Pazo, s/n. A Capela

Ferrol 25 Km
A Coruña 45 Km
Viveiro 85 Km
Santiago 88 Km

GRANXA do SOUTO

granja y centro de actividades ecuestres

— VISITAS ESCOLARES —



EQUITACIÓN, NATURALEZA Y ANIMALES EN UN LUGAR INCREÍBLE

-UN DÍA: Visita de día a la granja
-VARIOS DÍAS: Dormir en nuestra granja hípica con tu clase, disfrutando de la experiencia completa
-SEMANALMENTE: Tenemos grupos de equitación como actividad extraescolar para colegios y también para personas adultas

Comedor · Parque · Parking · Pista cubierta · Aseos · Albergue

GRANXADOSOUTO.ES INFO@GRANXADOSOUTO.ES 654.576.360 - 619.420.792

Ponte Mera- Ortigueira

san sadurniño

espazos verdes

O concello de San Sadurniño ten unha gran riqueza de espazos verdes que vale a pena visitar cos nenos e nenas. Hai máis dunha década que o municipio apostou polo enriquecemento destas localizacións con proxectos lúdicos que fomenten a aprendizaxe e a diversión da rapazada en idade escolar en medio da natureza.

Na leira da Cortiña, á beira do río Xubia, atópase o arboreto, ***un xardín botánico que alberga unha mostra dos principais tipos de bosques autóctonos que existen en Galicia***: a carballeira, o souto, o bidueiral, o bosque de ribeira, o faial, o sobreiral e a fraga. Nunha mesma ubicación, a cativaría pode coñecer a diversidade galega e comparar as distintas especies.

O atractivo do arboreto complétase desde o verán coas esculturas en madeira dos artistas locais Carlos García e Marina Goti. Ás imaxes de personaxes de contos infantís xa existentes como Pinocho (a figura parece un pinocho pero non o é, o artista bautizouna como "Agapito"), sumáronse novas figuras mitolóxicas que conforman no seu conxunto a chamada ***"Fraga Máxica da Cortiña"***. Trasnos, gnomos, dragóns e animais de fábula de gran formato son os recén chegados. Todos eles están tallados e pintados artesanalmente a partir de troncos secos de carballo, castiñeiro, ciprés e acacia, de maneira que casan perfectamente coa contorna e se integran no conxunto coma parte dos xogos infantís.

A visita complétase coa ***horta de conservación de árbores froiteiras autóctonas Carlos Fornos***, un conxunto composto por máis de 500 exemplares de diversas especies que nace da vontade de recuperar variedades froiteiras do país en perigo de extinción. Ademais, o espazo conta cun ***colmear didáctico*** no que o alumnado pode descubrir a curiosa vida das abellas. É posible realizar unha visita guiada a estes espazos solicitándolla previamente ao Concello.

Idades: Dende Educación Infantil ata Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Bioloxía, Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Educación Física

Casa do Concello de San Sadurniño
Casal, 16
sansadurnino.gal

Ferrol 21 Km
A Coruña 61 Km
Viveiro 74 Km
Santiago 103 Km

san sadurniño

espazos verdes

Máis información: Para visitas guiadas á horta de conservación de froiteiras e o apiario contactar co concello de San Sadurniño no **981 490 027**

Para saber máis poden consultarse folletos e mapas turísticos na web
sansadurnino.gal/paisaxe

Tanto o arboreto como a horta posúen un valor ambiental recoñecido e ***forman parte da Rede Natura***, á que tamén pertencen a zona fluvial e os bosques do río Castro. A serra granítica do Forgoselo, situada nas proximidades, goza da mesma protección. O territorio de San Sadurniño tamén está integrado no Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal, que aspira ao recoñecemento como Global Geopark da UNESCO pola súa riqueza xeolóxica e desenvolvemento sostible.

A excursión complétase cun percorrido polo ***paseo fluvial do Xubia*** que bordea todo este espazo natural e que conta con diferentes pavimentos (cemento, area, herba, pasarelas de madeira e mesmo algunha ponte). Ao longo do paseo pódense ver diferentes animais como parrulos, gansos, vacas ou cabalos. Na zona hai tamén establecementos de hostalería.

Esta ampla oferta fai de San Sadurniño un destino do máis interesante para visitar cos nenos e nenas. Ademais, ao longo do ano, o concello é sede de varios eventos aos que tamén é recomendable achegarse coa rapazada, como a Carreira Popular, a Feira Rural ou a Feira da Plantación.

Alén dos espazos verdes, a localidade tamén acolle xoias arquitectónicas como o ***Pazo da Marquesa***. A construción orixinal, na que hoxe se sitúa a Casa do Concello, data do século XVI e estivo vinculada ao Señorío de San Sadurniño e ao posterior Marquesado. Durante os primeiros anos do século XX, recibiu a visita de ilustres persoeiros, entre os que se contan escritores, políticos ou mesmo o rei Alfonso XIII. Os xardíns polos que estas figuras paseaban é escenario na actualidade de múltiples eventos culturais e un lugar ideal de paseo e descanso.

Ferrol 21 Km
A Coruña 61 Km
Viveiro 74 Km
Santiago 103 Km

Casa do Concello de San Sadurniño
Casal, 16
sansadurnino.gal

san sadurniño

ocio activo e lecer

Existen diversas rutas que permiten coñecer a localidade de San Sadurniño e a súa riqueza natural, cuxos detalles se poden consultar nos mapas dispoñibles no apartado de turismo da web municipal.

Unha delas é a ***ruta do río Aceiteiro***, afluente do río Xubia, cunha distancia de 3 quilómetros e baixa dificultade. Ao longo do camiño, que parte da Casa do Concello, atópanse algúns muíños, bancos de travesas de madeira, pasarelas e unha ponte de pedra.

Outra ruta interesante é a do ***río Castro***, que percorre a beira deste afluente ata chegar a Igrexafeita. Divídese en dous tramos de seis e tres quilómetros respectivamente, cunha duración total aproximada de 3 horas e media. O itinerario pasa por algúns puntos de gran valor patrimonial, entre os que destacan a fonte de San Roque; a igrexa de Santa María de Naraío, cuxas orixes datan do século XI segundo algunhas investigacións, ou a ponte da Ferraría, que pertencía á familia dos Andrade.

O punto máis emblemático da ruta é o ***castelo de Naraío***, un dos mellores exemplos de arquitectura medieval da comarca, datado no século XIV. Está erixido no alto dun penedo de 30 metros de altura no que se poden ver restos de varias murallas que noutro tempo fixeron da construción unha fortaleza inexpugnable.

Tras a xornada de sendeirismo é recomendable facer parada na ***área recreativa de Os Currás***, dotada dunha ampla oferta de servizos para o lecer. As instalacións contan cunha cancha axeitada para a práctica de diversos deportes e mesas e lareiras para organizar o xantar, ademais dun campo de fútbol e unha piscina situados xusto ao seu carón. Un mural de gran formato realizado polo artista Carlos García dá vida ao espazo.

Idades: Desde Primaria ata Bacharelato

Materias: Educación Física, Ciencias Naturais, Bioloxía, Ciencias Sociais, Xeografía e Historia

Información sobre a piscina: Está aberta desde o mes de xuño ata setembro, variando as datas de apertura e peche dependendo do ano.

O horario de baños libres é de luns a venres de 15:00 a 21:00 e sábados, domingos e festivos de 14:00 a 21:00

As entradas individuais para baños libres teñen un custo de 1,80€ para menores de 14 anos e 3,58€ para o resto do público. Poden collerse cada día na cantina da piscina

Máis información: sansadurnino.gal

Casa do Concello de San Sadurniño
Casal, 16
sansadurnino.gal

Ferrol 21 Km
A Coruña 61 Km
Viveiro 74 Km
Santiago 103 Km

moeche
o castelo

Idades: Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Xeografía e Historia, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais (*Galicia nun ferrado*, plantación ao pé do castelo que recolle 37 especies arbóreas silvestres e un panel explicativo)

Horarios: Mudan en función da época do ano. Pódense consultar na web *www.moeche.gal*.

Prezo: 1,50 € para grupos de escolares (para o centro escolar de Moeche é gratuíto), familias numerosas, menores de idade e maiores de 65 anos. A entrada xeral custa 2,50 €

O principal punto de interese do concello de Moeche é sen dúbida o seu castelo medieval, declarado ***Ben de Interese Cultural*** polo seu valor histórico e patrimonial. Fernán Pérez de Andrade, "O Bo", foi quen mandou construír esta fortaleza no ***século XIV*** para controlar as súas terras e aos seus campesiños e decidiu ubicala no medio dun val no canto dun lugar elevado, o común na época. Alí, protexido entre montañas, mantense cun excelente estado de conservación grazas ás sucesivas restauracións que se levaron a cabo.

A arquitectura da construción é moi singular, pois ten unha ***planta octogonal irregular***, e conta con diversos espazos de interese como o impoñente foso, o patio de armas e a icónica torre da homenaxe.

A construción pasou á historia por ser un dos escenarios emblemáticos das ***Revoltas Irmandiñas***, as primeiras guerras de clase de Europa, que se produciron durante o século XV entre o campesiñado e os señores feudais. No 1431, os campesiños das terras próximas ao castelo, gobernadas por Nuno Freire de Andrade, "O Mao", organizáronse na Irmandade Fusquenlla e foron os protagonistas da Primeira Revolta Irmandiña. Liderados polo fidalgo Roi Xordo, tomaron o castelo, prendéronlle lume e conseguiron que marchase de alí o señor de Andrade. A pesar deste primeiro éxito, finalmente derrotáronos na Segunda Revolta Irmandiña, no 1468. A modo de castigo, foron obrigados a reconstruír o castelo.

No concello de Moeche conmemóranse estes acontecementos históricos cada mes de agosto desde 1980 no ***Festival Irmandiño***, coa organización de concertos e todo tipo de actividades entre as que destaca a reprodución do episodio do asalto ao castelo protagonizada pola veciñanza de Moeche.

O interior do castelo pode visitarse entre abril e outubro e, con previa reserva, é posible gozar de percorridos guiados gratuítos. Ademais, dentro da fortaleza atópase o ***Centro de Interpretación das Revoltas Irmandiñas***, que alberga unha exposición permanente para afondar na historia e curiosidades da fortaleza.

Ferrol 28 Km
A Coruña 68 Km
Viveiro 70 Km
Santiago 111 Km

Concello de Moeche. San Ramón s/n
Tel. 981 404 006
www.moeche.gal

moeche

ocio e actividades lúdicas

Moeche dispón dunha boa oferta de espazos verdes con servizos orientados ao lecer. Un deles é a ***área recreativa de Souto Grande***, que se atopa no denominado Fondo de Moeche, á beira do río Xubia, un contorno de gran beleza que conta cunha fermosa presa. A área está equipada con todo o necesario para pasar unha divertida xornada en familia ou cos nenos e nenas do cole: mesas, grellas, parque e cafetería son algúns dos servizos dispoñibles. E no verán conta ademais cunha ***piscina ao aire libre*** para refrescarse!

Outro dos atractivos do concello é a famosa ***Feira de Moeche***, que se celebra os días 11 e 23 de cada mes, na que poden adquirirse todo tipo de materias primas locais e de calidade como froitas, verduras, pan, empanada, mel ou carne e produtos artesanais. Trátase dun dos mercados galegos máis antigos que continúan celebrándose e reivindica o valioso papel que as feiras tiveron tradicionalmente no eido rural. Visitar estes lugares cos pequenos é sen dúbida un bo xeito de inculcarlles a importancia de priorizar a compra de produtos de proximidade e de achegalos a unha parte tan importante da nosa cultura.

O Concello vén de retomar a actividade do seu particular ***circuíto de educación viaria***, situado no recinto feiral de San Ramón. Este espazo, proposto e deseñado pola rapazada de Moeche, está equipado con todo o necesario para que os nenos e nenas poidan probar a experiencia da condución con seguridade do xeito máis achegado posible á realidade do tráfico. O Circuíto Modestino, bautizado así polos seus promotores, dispón de cascos, chalecos, karts de pedais e bicicletas entre outros materiais para que os pequenos aprendan as normas de circulación e se conciencien como futuros condutores responsables e como peóns.

Idades: Desde Infantil ata Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Bioloxía, Educación Física, Xeografía e Historia

Prezo da piscina: Menores de 3 anos gratis; menores de 12 anos, 1,50 €; e maiores de 13 anos, 2,80 €

Horario da piscina: En xuño, de luns a vernes de 16:00 a 21:00 e sábados, domingos e festivos de 14:00 a 21:00. En xullo e agosto, de luns a venres de 15:00 a 21:00 (de 12:00 a 13:00 para cursos de natación) e sábados, domingos e festivos de 14:00 a 21:00. En setembro, de luns a venres de 16:00 a 20:00 e sábados, domingos e festivos de 14:00 a 20:00

Horario do circuíto: Abre o primeiro e terceiro sábado de cada mes de 11:00 a 14:00 sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan

Concello de Moeche. San Ramòn s/n
Tel. 981 404 006
www.moeche.gal

Ferrol 28 Km
A Coruña 68 Km
Viveiro 70 Km
Santiago 111 Km

cerdido

lecer en plena natureza

Idades: : A ruta das Pontellas e a da fraga dos Casás recoméndase para quinto e sexto de Primaria, ESO e Bacharelato. A área recreativa do Castro é apta para todas as idades

Materias: Ciencias Naturais, Bioloxía, Educación Física, Ciencias Sociais, Xeografía e Historia

Prezo: Gratuíto agás o uso da piscina, na que o baño libre custa 3 euros por neno e hora (consultar posibles cambios no concello: 981 411 000). A piscina da área recreativa do Castro permanece pechada nos meses de decembro a marzo

Información sobre a piscina: Teléfono de contacto 630 871 602
Para acceder ás inmediacións da área recreativa do Castro pódese ir en coche, autobús ou a pé.



Unha visita escolar ao pequeno concello de Cerdido pode dar para moito grazas á boa oferta de ***espazos de interese educativo e orientados ao lecer infantil*** dos que dispón.

A contorna natural da localidade é perfecta para organizar un día de ***sendeirismo***. Unha das rutas que se pode escoller é a do ***río Pontellas***, un percorrido de dous quilómetros no que se poden admirar diversas especies de árbores autóctonas como bidueiros, carballos, castiñeiros, abeleiras e ameneiros. Ao longo do camiño tamén se atopan varios muíños, unha pequena central eléctrica e as antigas pontellas que lle dan nome ao río.

O itinerario remata no lugar do Castro, onde existe ***un xacemento arqueolóxico dun poboado castrexo que data da Idade de Ferro***. Arredor da zona do castro construíuse unha ***área recreativa*** cunha ampla oferta de servizos. O recinto conta cunha ***piscina climatizada***, que abre de marzo a novembro e ten vestiarios a disposición dos usuarios; un ***parque infantil*** e unha ***pista polideportiva*** ao aire libre. Ademais disto hai varias grellas e mesas con bancos que se poden aproveitar para organizar un xantar no medio da natureza. Na zona atópase o edificio da antiga escola que os emigrantes do concello construíron no 1932, de arquitectura indiana. A día de hoxe funciona como Centro Social e Cultural e conta cunha cafetería na que se pode pasar o tempo con xogos de mesa.

Outro enclave natural de gran atractivo é a ***Fraga dos Casás***, un dos poucos bosques atlánticos virxes que existen na zona, onde habita unha gran diversidade de flora e fauna autóctona. Neste lugar pódense descubrir as ouriceiras, unhas construcións de pedra nas que antigamente se gardaban as castañas para protexelas dos animais; e restos da Foia do Carbón, onde se conservan antigas carboeiras vexetais.

Na parroquia dos Casás tamén se atopa o ***Museo de Maquinaria Agrícola Antiga***, un espazo no que os escolares poden coñecer as tarefas e ferramentas que se usaban tradicionalmente para traballar o campo.

Ferrol 39 Km
A Coruña 78 Km
Viveiro 58 Km
Santiago 122 Km

Ruta do río Pontellas 43°37'23.0"N 7°58'39.1"W
Fraga dos Casás 43°35'53.2"N 7°54'33.2"W
Tel. 981 410 000 www.cerdido.org

cedeira
a vila

Cedeira é unha vila historicamente vinculada ao mar. O seu propio nome procede do latín *cetarea*, que fai referencia ás especies mariñas. A súa proximidade á ría impulsou a tradición pesqueira que caracterizou á localidade desde o seu nacemento. ***A pegada mariñeira é visible no casco histórico cedeirés***, no que se poden ver as típicas casas galegas dos pobos mariñeiros.

A pesar do pequeno tamaño da vila, Cedeira conta con ***moitos espazos para que os rapaces e rapazas fagan actividades ao aire libre*** que se poden aproveitar nunha xornada de excursión. O concello apostou nos últimos anos pola instalación de infraestruturas deportivas a ceo aberto e de uso libre. Preto da zona do instituto construíuse un ***"pump track", un circuíto para percorrer en bicicleta, skate ou patinete con curvas e montículos***.

No parque do Camiño Real estreáronse este ano un "***skate bowl", unha bañeira para patinar con superficie irregular con pendentes e formas redondeadas; e unha tirolesa de 28 metros de longo***, catro metros de altura na saída e tres na chegada e chan de caucho. A oferta de espazos para a mocidade tamén inclúe un ***parque de calistenia, proposto polo alumnado do IES Punta Candieira***, no que se pode adestrar usando o propio peso corporal.

Esta é unha ampla zona na que desenvolver calquera actividade ao aire libre, con dous parques de xogos, un deles adaptado aos máis pequenos, que discorre paralela ***á praia urbana da Magdalena. Tanto esta como a de Area Longa, máis próxima ao porto, teñen area branca e fina e augas tranquilas, ideais para a práctica de deportes acuáticos***. Ambos areais son de doado acceso e dispoñen de duchas e servizos de restauración próximos.

Idades: Primaria, ESO

Materias: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias Naturais, Educación Física

Prezo: Gratuíto

Máis información: turismo.cedeira.gal

Oficina de Turismo: Palacete Municipal
Avenida de Castelao s/n Tel. 981 482 187
turismo.cedeira.gal mar.lopez@cedeira.es

Ferrol 34 Km
A Coruña 80 Km
Viveiro 61 Km
Santiago 123 Km

Idades: Infantil, Primaria, ESO, Bacharelato

Materias: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias Naturais

Horario: Horario de verán (desde o 1 de xuño ao 30 de setembro): de mércores a domingo de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00. Horario de inverno (do 1 de outubro ao 31 de maio): de martes a domingo de 10:30 a 13:00

Prezo da entrada ao museo: entrada gratuíta para menores de 7 anos, 1 euro para nenos/as entre 7 e 10 anos e 2 euros para maiores de 10 anos.

Máis información sobre o museo: *maresdecedeira.gal*

Visitas á lonxa: Teléfono de contacto da Confraría 981 480 389

A diversidade biolóxica das augas de Cedeira é o motor da súa importante tradición pesqueira, que caracterizou e impulsou á vila desde o seu nacemento. Esta riqueza valeulle ademais á ***ría cedeiresa a declaración de Reserva Mariña de Interese Pesqueiro no ano 2009***, o que favoreceu a protección e explotación sostible do seu fondo mariño.

Un dos espazos chave para achegarse á economía da localidade é ***a Lonxa de Cedeira, que é visitable concertando a cita previamente coa confraría***. Neste lugar, os nenos e nenas poden aprender o funcionamento deste tipo de instalacións, o proceso de compra-venta de peixe, os tipos de etiquetado e as técnicas de pesca da frota local.

Outra visita de gran interese para facer co alumnado é ***o Museo Mares de Cedeira, que alberga nas súas salas de exposición diferentes elementos que dan conta da conexión entre o pobo cedeirés e o mar***: embarcacións, aparellos de pesca, útiles de navegación, fotografías... O museo abriu as súas portas no 2016 e desde entón a súa colección non deixou de crecer grazas as doazóns de pezas da veciñanza. Ademais, presume de contar cunha gran colección de malacoloxía, cedida por Manuel Suárez, con máis de 5.000 cunchas de bivalvos e gasterópodos.

O museo ofrece visitas guiadas para os centros educativos axendando previamente a data. Ademais, o profesorado pode solicitar a organización de distintas actividades lúdicas. Para os alumnos máis maiores realízanse obradoiros de nudos mariñeiros e lectura de cartas náuticas. E para todas as idades, o museo estreou este ano unha actividade con motivo do Día dos Museos consistente nun xogo no que o alumnado, organizado en pequenos equipos, busca pistas agochadas polas instalacións ata chegar a unha mensaxe oculta.

Desde hai un par de anos, ***este museo está integrado na Rede de Espazos Museísticos Atlánticos (REMA)***, á que pertencen outros espazos de difusión do patrimonio marítimo e pesqueiro de Galicia, Asturias e Portugal.

Ferrol 34 Km
A Coruña 80 Km
Viveiro 61 Km
Santiago 123 Km

Casa do Pescador. Camiño de Arealonga, 1
Tel. 620 972 981
www.maresdecedeira.gal *maresdecedeira@gmail.com*

cedeira

serra da capelada e santo andré de teixido

A Serra da Capelada é un conxunto montañoso de gran extensión que abrangue o litoral dos concellos de Cedeira, Cariño e Ortigueira. Trátase dunha zona de gran beleza paisaxística e valor xeolóxico que forma parte do proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal.

A Capelada presume de contar cos cantís máis elevados da Europa continental, que ofrecen unhas vistas privilexiadas da costa do noroeste atlántico. ***O pico máis alto deste conxunto atópase en Vixía Herbeira, de 620 metros sobre o nivel do mar***, que recibe o seu nome pola garita de Herbeira, unha pequena construción de pedra que data do século XVIII e servía para a vixilancia costeira. Dende o seu miradoiro poden divisarse as Illas Sisargas e a Punta de Estaca de Bares. Ademais, é habitual atopar na contorna ***cabalos e vacas en liberdade***. Unha vez ao ano, no mes de xuño, celébrase a rapa das bestas, unha tradición ancestral na que os cabalos son guiados ao recinto do curro para cortarlles as crinas.

No medio do fermoso paraxe da Capelada atópase o máxico pobo de ***Santo André de Teixido***, envolto en numerosos mitos e lendas e espazo de culto relixioso xa dende tempos prerrománicos. Existe unha crenza popular que di que a Santo André ***"vai de morto quen non foi de vivo"*** reencarnado nun insecto ou réptil. Quizais este sexa un dos motivos polos que o seu santuario é ***o segundo maior centro de peregrinaxe de Galicia despois de Santiago de Compostela***.

Un dos mellores xeitos de visitar a Serra da Capelada e aprender sobre o seu patrimonio xeolóxico é aproveitando algunha das ***catro xeorrutas*** guiadas polo xeólogo Francisco Canosa e gratuítas (ver páxinas sobre o proxecto do Xeoparque).

Ademais, pola Capelada e Santo Andrés de Teixido vai o coñecido como ***Camiño do Mar,*** unha variante do Camiño do Norte en vías de ser recoñecido como Ruta Xacobea a Santiago e que ten a particularidade de ser o único percorrido que pasa polos dous puntos de peregrinación de Galicia.

Idades: Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Bioloxía e Xeoloxía, Xeografía e Historia

Recomendacións: Bo espazo para almorzar na natureza na Capelada. Hai mesas e bancos

Recursos didácticos: Material didáctico sobre mitos, lendas e contos: *es.slideshare.net/PepaBotellaPrez/unidad-didctica-mitologa*

Historia de Santo André de Teixido: *turismo.cedeira.gal/conece-cedeira/san-andres-de-teixido*

Máis información: *caminoasanandres.com/asociacion*

Oficina de Turismo: Palacete Municipal
Avenida de Castelao s/n Tel. 981 482 187
turismo.cedeira.gal *mar.lopez@cedeira.es*

Ferrol 46 Km
A Coruña 92 Km
Viveiro 66 Km
Santiago 135 Km

cedeira
un paseo pola historia

Idades: Desde Primaria a Bacharelato

Materias: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias Naturais, Bioloxía

Prezo: Gratuíto

Horarios: Consultar coa Oficina de Turismo a dispoñibilidade de horarios e visitas guiadas ao Castelo da Concepción.
Contacto: 981 482 187

Máis información: *castrosarridal.es*

A punta do Sarridal, a pequena península situada no extremo leste da vila, conforma un enclave sorprendente pola súa beleza e pola concentración de elementos patrimoniais.

O xacemento arqueolóxico de Sarridal é un dos máis importantes. Trátase dun castro que -polos achados que se produciron ata o momento- ***estivo habitado desde o século V a.C. ata o IV d.C., da época castrexa ata a entrada dos visigodos e a cristianización***. O complexo presenta un sistema defensivo con dous fosos e unha muralla. Entre os seus elementos máis destacados está o monumento con forno, que funcionaba como sauna de vapor. A técnica do carbono 14 datouna no 230 a.C. e é a quinta deste tipo achada en Galicia. O castro conta cun panel informativo para facilitar a interpretación dos restos.

Nas inmediacións do castro está ubicado o ***Castelo da Concepción, unha fortaleza militar construída en 1747 polos propios veciños*** e con fondos da Coroa, a raíz dun ataque da frota inglesa á ría de Cedeira. No seu interior abriuse este verán un centro de interpretación do Castro Sarridal no que se expoñen obxectos achados durante as escavacións. Entre estas pezas destaca unha moeda romana co rostro de Vibia Sabina, muller do emperador Adriano, datada do I a.C. Dentro do castelo hai tamén unha ***mostra sobre a historia de Cedeira nos séculos XVIII e XIX.***

Tamén moi preto están unhas antigas cetarias, que veñen de ser rehabilitadas no último ano, nas que os barcos pesqueiros gardaban o peixe e o marisco vivo para logo envialo a diferentes puntos do país. Baixar ao pé das cetarias ou contemplalas desde o alto permite gozar dunhas vistas extraordinarias ao tempo que se aprende, a través dos paneis informativos, algo máis sobre a tradición pesqueira da vila. A poucos metros, ao pé do cantil, está a ***paradisíaca cala de Sonreiras, de augas cristalinas de cor azul intensa***, á que se accede por unhas escadas de madeira moi empinadas.

O acceso ao alto da península pode facerse a pé desde o porto ou ben en coche, pois conta con espazo habilitado para estacionar. Viaxando en autobús, o máis recomendable é aparcar no porto e subir polas escadas e o camiño que levan ata o castelo e ao castro.

Ferrol 38 Km
A Coruña 83 Km
Viveiro 64 Km
Santiago 127 Km

Oficina de Turismo: Palacete Municipal
Avenida de Castelao s/n Tel. 981 482 187
turismo.cedeira.gal *mar.lopez@cedeira.es*

ortigueira

a vila

A vila de Ortigueira ten un interesante pasado histórico que se remonta ata o 35.000 a.C. Na contorna hai achados arqueolóxicos que, segundo o arqueólogo local Federico Maciñeira, pertencen a ***antigas poboacións nómadas da Prehistoria***.

Adentrándonos na vila podemos coñecer construcións que mostran a arquitectura e estilo de vida de distintas épocas. Os edificios máis salientables son a Casa Consistorial, o Teatro da Beneficiencia e a igrexa, emprazados nun ***antigo recinto conventual do século XVIII***. O teatro inaugurouse no 1850 e no seu interior destacan as pinturas do teito realizadas polos artistas locais Vicente Martínez Laxe e Pedro Castiñeiras.

A época dourada da vila situáse precisamente a finais do século XIX e comezos do XX, dos que quedaron ***numerosos edificios nobres espallados polo Cantón e a rúa Real*** e a pegada da ***intensa actividade cultural e política da zona***. Tamén no centro da vila, na praza de Isabel II, atopamos o ***antigo mercado***, que data de 1917, e na rúa Príncipe o antigo ***Hospital de San Roque***, unha construción de finais do XIX que hoxe alberga actividades culturais.

Especial mención merece o ***barrio do Ponto***, con rúas irregulares e estreitas onde residiron os primeiros habitantes de Ortigueira. Pola rúa San Xosé chegamos ao Cemiterio Vello, un espazo arborado que acolleu ata 1849 a igrexa parroquial e os enterramentos adxacentes. O paseo remata na parte norte do Cemiterio Novo, situado na península do Requeixo e cunha impresionante vista da ría.

No outeiro sobre este barrio está outro edificio emblemático: ***o muíño do Campo da Torre***. Construído no 1888 nun lugar onde houbo un poboado castrexo, foi recuperado no 2005 pola Fundación Ortegalia tras anos de abandono.

O casco urbano de Ortigueira ten un impresionante ***porto deportivo*** con todos os servizos e, lindando con el, os xardíns que levan o nome de Julio Dávila en homenaxe ao xeógrafo, escritor e historiador local. Esta zona é tamén un bo espazo para os nenos e nenas xa que conta cun parque infantil, o mesmo que a ***área recreativa do Mourón***, ao final do paseo marítimo.

Idades: De Primaria a Bacharelato

Materias: Xeografía e Historia, Ciencias Sociais, Lingua e Literatura Galega, Lingua e Literatura Castelá

Máis información: *www.concellodeortigueira.com*

Casa do Concello
Praza de Isabel II, s/n
Tlfo. 981 400 000

Ferrol 53 Km
A Coruña 98 Km
Viveiro 35 Km
Santiago 141 Km

ortigueira
espasante

Idades: De Infantil a Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Xeografía e Historia, Ciencias Sociais, Educación Física

Máis información sobre a Ruta dos Mariñeiros:
www.turismoortigueira.com/rutas/espasante-ruta-de-los-marineros

Espasante é un ***pequeno porto pesqueiro*** cuxo encanto teno convertido nun dos principais referentes turísticos de Ortigueira, co aliciente engadido de que conserva a súa esencia. Unha das historias que de seguro interesarán aos escolares é a do ***porco Antón***, unha tradición que se remonta ao século XVIII e que consiste en que cada ano todos os veciños crían un porquiño en liberdade polas rúas do pobo, sorteándoo despois a través dunhas rifas coas que se recadan cartos para as festas de San Antón. O animaliño ten ata a súa propia escultura!

Para percorrer Espasante pódese realizar unha ***ruta circular*** moi doada, de só 3 quilómetros, que comeza no paseo marítimo, na ***praia da Concha***, un areal que conta cun pequeno cordón dunar e na que se atopan os restos das antigas fábricas de salgadura da localidade. Dispón de todos os servizos e mesmo dun parque infantil, polo que é unha boa opción para unha xornada de excursión. No traxecto da ruta veremos tamén o ***areal de Santo Antón***, como o anterior de fina area dourada e forma de cuncha.

Dous dos puntos de máis interese desta ruta son o ***Castro de Punta dos Prados*** e a Garita de Vela. O primeiro está constituído polos vestixios dun castro marítimo datado entre os séculos IV e I a.C . A súa singularidade son os restos de recintos dedicados a sauna ou baño de vapor.

A ***Garita de Vela*** está situada sobre un promontorio de 60 metros, como unha construción dedicada a vixilancia e sinalización construída a principios do século XVIII e que servía como referencia para os navegantes, ademais de alertar dos posibles ***ataques de corsarios***, que abundaban na época. Desde a garita divísase o porto de Espasante e tamén o de Cariño.

Espasante ten sona, ademais de pola súa beleza, pola ***gastronomía***, especialmente polos seus mariscos.

Ferrol 53 Km
A Coruña 98 Km
Viveiro 35 Km
Santiago 141 Km

Casa do Concello
Praza de Isabel II, s/n
Tlfo. 981 400 000

ortigueira

os recursos naturais

A ría de Ortigueira e a súa contorna albergan un dos conxuntos paisaxísticos máis fermosos do litoral norte, ademais de ser o fogar de numerosas especies de fauna e flora. Nada menos que ***68 tipos de aves migratorias escollen esta zona para pasar o inverno***.

Na ría desembocan as augas dos ríos Mera e Baleo, deixando ao seu paso unha exuberante e diversa vexetación. Na contorna do illote do río Mera hai unha ***área recreativa*** na que xantar e descansar nun día de excursión.

Outro lugar idóneo para xogar ou relaxarse en Ortigueira é a ***praia de Morouzos***, un areal de dous quilómetros e augas tranquilas ubicado a carón dun amplo piñeiral cunha área recreativa. Próximo a beira da praia atópase a Illa de San Vicente, á que se pode acceder cando baixa a marea. Unha boa proposta é realizar a ***ruta ata o areal desde o final do paseo marítimo de Ortigueira***, que comeza subindo unhas escaleiras de madeira e percorre todo o bordo litoral.

Dende os cantís de Loiba pódese gozar dunha das vistas máis impresionantes da zona desde o que se coñece como ***"o mellor banco do mundo",*** colocado alí por un veciño para que calquera visitante puidese sentar a admirar a beleza e bravura do mar. Sobre un dos saíntes da costa de Loiba atopamos a ***área recreativa do Cadaval***. Esta zona é moi axeitada tamén para realizar rutas sendeiristas, como a das algas, que discorre polos cantís vendo unha sucesión de praias virxes.

Outra ruta de interese é a do Casón, un itinerario de 6 quilómetros que percorre dúas fermosas fervenzas, unha coñecida como o Pozo do Inferno, e o ***xacemento arqueolóxico do castelo do Casón***, unha antiga fortificación da Idade Media. Tamén aquí hai unha área de esparcemento.

Idades: De Primaria a Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Bioloxía e Xeoloxía, Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Educación Física

Máis información: Neste folleto poden consultarse as distintas rutas de sendeirismo que existen polo municipio: drive.google.com/drive/folders/1MqIQxe8J_fzyshjvWMHqLdiOcbUGpvvz

Casa do Concello
Praza de Isabel II, s/n
Tlfo. 981 400 000

Ferrol 53 Km
A Coruña 98 Km
Viveiro 35 Km
Santiago 141 Km

e-makers LAB

DOMINA LA TECNOLOGÍA, CAMBIA EL MUNDO

Un espacio maker de 200 m² donde dejar volar tu imaginación. Aprende en un entorno estimulante y prepárate para un futuro apasionante.

- Modelado e Impresión 3D
- Robótica e Ingeniería
- Desarrollo de Videojuegos y Animación
- Drones y Electrónica
- Creación y Productividad con el PC

EXTRAESCOLARES Y CAMPAMENTOS

... también en centros educativos

- Medidas de seguridad
- Solo 6 Plazas por curso
- Tienda LEGO, A Gándara, Narón
- Clases de 1 h 45 min

www.e-maker.space

604 06 45 70

un proyecto de espacio vivo

cariño

barrio mariñeiro

Cariño é un concello cun amplo abano de puntos de interese para visitar durante unha excursión escolar ou familiar e alberga algúns dos espazos naturais máis fermosos da comarca.

Este pobo está ubicado á entrada da ría de Ortigueira e as súas orixes remóntanse á Prehistoria. Mostra disto son os túmulos megalíticos que indican que ***houbo asentamentos nesta zona dende o 3000 a.C***.

Esta vila estivo tradicionalmente moi ligada á pesca, motor económico da localidade xunto coa industria conserveira. As casas do seu casco histórico dan conta deste vínculo entre os veciños e o mar, co seu característico estilo mariñeiro, que devolve unha ***colorida postal do barrio***. Estas vivendas son estreitas e de baixa altura e están moi xuntas entre si, nun intento de aproveitar ao máximo o espazo próximo ao peirao.

As rúas da parte alta do barrio serven a modo de pequenos miradoiros ofrecendo vistas privilexiadas da ría e dos seus accidentes xeográficos. Destacan especialmente os da Rúa Antiga, O Pósito e O Castro. Nesta zona tamén se atopan as prazas que no pasado eran escenario de feiras e festas, como a Porta da Pulida, e a igrexa parroquial de San Bartolomeu, construída en 1923. Preto do centro, a ***praia da Concha e o paseo marítimo***, que conta cun parque infantil, son espazos agradables para xogar, descansar ou parar a merendar.

Para coñecer de preto os oficios tradicionais da vila, é moi recomendable unha visita á ***nave das redeiras***, onde se elaboran de xeito artesanal as redes de pesca que usan os mariñeiros da zona.

Idades: De Infantil a Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Xeografía e Historia, Ciencias Sociais

Máis información sobre a nave das redeiras: A nave está aberta de 9:00 a 13:00 e de 15:00 a 19:00. As visitas son para un mínimo de 20 persoas e teñen unha duración de 1 hora. É preciso reservar con antelación chamando ao 648 440 437 ou escribindo a *asoredeirascarino@hotmail.com*

Casa do Concello
Avenida da Paz, 2. Cariño
Tel. 981 405 064
www.concellodecarino.gal

Ferrol 55 Km
A Coruña 94 Km
Viveiro 54 Km
Santiago 137 Km

cariño
rochas e aves

Idades: ESO e Bacharelato

Materias: Ciencias Naturais, Bioloxía, Xeoloxía, Xeografía e Historia

Recomendación: A zona do cabo é de fortes ventos polo que é necesario levar roupa de abrigo todo o ano

Máis información: Neste enderezo pódese acceder a folletos con información sobre rutas por Ortegal e demais www.concellodecarino.gal/que-facer-ver

A contorna natural próxima a Cariño é dunha beleza e valor ambiental inestimable. A só catro quilómetros da vila xa temos o ***Cabo Ortegal e o seu característico faro*** no medio dunha impresionante península montañosa con cantís de 300 metros de altitude, onde as augas do Atlántico e do Cantábrico confluén. O lugar é accesible en coche e ten espazos habilitados para estacionar.

Desde o faro poden contemplarse ao este ***Os Aguillóns, unhas curiosas pedras con forma punzante que emerxen desde o mar cara a superficie***. Estas xa chamaran a atención no século II do xeógrafo Ptolomeo, que as bautizou como "Os tres brancos". Algúns estudos indican que estas rochas poderían ser as cuartas máis antigas do planeta. Desde o miradoiro do faro a vista alcanza tamén os altísimos cantís de Herbeira.

No lado oeste do cabo fórmanse nos días chuviosos fervenzas que baixan do río Limo ata verter as súas augas no mar. No medio de ambos extremos da península atópase a ***Enseada da Cova***, un gran arco no que emerxen formacións rochosas coma a "Longa da Moreira", de gran altura e rematada en pico.

Esta zona do litoral conta case na súa totalidade con algún tipo de protección ambiental debido ao seu incalculable valor paisaxístico e xeolóxico. Neste punto hai unha concentración única de ***rochas de orixe metamórfico*** entre as que se contan anfibolitas, granulitas e gneises. Aquí tamén se pode ver o maior e mellor afloramento de ecloxitas do mundo.

Ademais, este é un espazo de gran valor ornitolóxico, pois aquí se observan numerosas especies de aves. ***Paxaros de todo o mundo escollen Cariño para facer unha parada durante a súa viaxe migratoria***. Unha oportunidade única para propoñerlles aos nenos e nenas unha xornada de inmersión na natureza na que admirar de preto estes animais.

Ferrol 55 Km
A Coruña 94 Km
Viveiro 54 Km
Santiago 137 Km

Faro do Cabo Ortegal
43°46'17.3"N 7°52'08.3"W
Tel. 981 405 064
www.concellodecarino.gal

cariño
conserveiras

A industrialización da vila mariñeira de Cariño xurdiu da man da implantación do sector conserveiro, que impulsou o crecemento da súa poboación e a chegada de novas empresas relacionadas coa explotación pesqueira.

As pequenas fábricas de conservas chegaron no século pasado á vila e convertéronse daquela no motor económico da localidade. A década dos 60 foi a época dourada do sector, que contaba con 24 fábricas en Cariño, un concello que non supera os 5.000 habitantes. Actualmente algunhas destas empresas seguen en activo, como é o caso da ***Conserveira "La Pureza", fundada en 1924***. Esta factoría dedícase tanto á elaboración artesanal de conservas de peixe e marisco como ás conservas vexetais. Ademais, conta coa súa propia marca de marmeladas, chamada Amieiro. Existe a posibilidade de visitar as instalacións da fábrica cos escolares para que coñezan os procesos de produción das conservas consultando previamente a dispoñibilidade co persoal.

Estas fábricas estaban asentadas en fermosas edificacións que embeleceron as rúas cariñesas. O motivo disto é que estas factorías funcionaban tamén como lugar de residencia dos propietarios, polo que a súa arquitectura presenta as sofisticadas ***fachadas señoriais típicas de comezos do século XX***. Achegarse cos escolares a observar o exterior destas fábricas é un bo xeito de ensinarlles o aspecto desta tipoloxía de vivenda galega habitual nas décadas pasadas.

Idades: De Primaria a Bacharelato

Materias: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Tecnoloxía, Ciencias Naturais, Economía

Máis información: Para consultar a dispoñibilidade de visitas guiadas á fábrica La Pureza contactar chamando ao 981 405 004

Conserveras La Pureza
Rúa do Río Grande, 2. Cariño
conservas@lapureza.es

Ferrol 55 Km
A Coruña 94 Km
Viveiro 54 Km
Santiago 137 Km

EQUIPAMENTO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

ALBERGUE DE ECOTURISMO

ACTIVIDADES PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL E A SOSTIBILIDADE

ACTIVIDADES DE OCIO NA NATUREZA

Enerxía

Auga

Residuos

Consumo e alimentación

Horto ecolóxico

Bioconstrución

Patrimonio natural.Bosque. Litoral

Patrimonio cultural. Románico Eumés

Ocio na natureza: Piraguas, iniciación á escalada, rocódromo, cabalos, iniciacións ao surf, snorkel, rutas guiadas, xogos de orientación, paseos en barco, etc.

BREANCA nº 4 – DOROÑA
15615 VILARMAIOR
(PONTEDEUME) A CORUÑA
Telfs: 981 784563 - 648 92 51 34
info@alvarella.com
www.alvarella.gal

ALVARELLA ecoturismo

VIVIMOS NUN COMPLICADO CONTORNO DIXITAL NO QUE OS NENOS E NENAS SON MOI VULNERABLES Á FENÓMENOS COMO O DAS

FAKE NEWS

En Pingota Comunicación axudamos ao alumnano a recoñecer estos contidos falsos a través de talleres participativos adaptados a diversos niveis educativos

Mellora a competencia mediática dos teus alumnos

Consulta o noso catálogo de obradoiros adaptados ao currículum académico

Infórmate en pingota@pingota.com Curso 2022-23

Obradoiro: QUÉ SON AS "FAKE NEWS"?

- A súa tipoloxía
- Como se transmiten
- Intencionalidade na súa creación
- Mecanismos de viralización
- Ferramentas para a súa identificación
- Consecuencias
- Responsabilidade persoal

Agradecemos a colaboración de:

FERROL

SOCIEDADE MIXTA DE TURISMO DE FERROL

VAL DE ESMELLE

Puerto de Ferrol
Autoridad Portuaria de Ferrol-San Cibrao

NARÓN

concello de Neda

FENE CONCELLO

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

As Pontes de García Rodríguez

Deputación DA CORUÑA

San Sadurniño
www.sansadurnino.es

MOECHE CONCELLO

CONCELLO DE CERDIDO

Concello de Cedeira

Concello de Ortigueira

CONCELLO DE CARIÑO

DEEXCURSIÓN

Podedes descargar a revista completa e ter máis información en

deexcursion.net

Consultade todas as novas sobre rutas e itinerarios e contádenos as vosas experiencias a través das páxinas de Facebook e Instagram

@revistadeexcursion

pingota
COMUNICACIÓN

Teléfonos de interese

Concello de Ferrol: 981 944 000

Oficina de turismo de Ferrol: ..... 981 944 251 (Pza. de España)
..... 981 944 252 (Via Compostellam)

Centro de saúde Fontenla Maristany (Ferrol): 981 336 600

Museo Naval: 981 336 027

Fundación Exponav (Museo da Construción Naval): 981 359 682

Proxecto Esmelle: 605 932 677

Autoridade Portuaria: 981 338 000

Concello de Narón: 981 337 700

Oficina de turismo de Narón: ..... 981 337 799 (Ext. 2301)

Centro de saúde de Narón: 981 383 791

Concello de Neda: 981 380 039

Oficina de turismo de Neda: 981 390 249

Centro de saúde de Neda: 981 380 297

Concello de Fene: 981 492 707

Oficina de turismo de Fene: 981 344 0 82

Centro de saúde de Fene: 981 341 429

Concello de As Pontes: 981 453 116

Oficina de turismo de As Pontes: 673 240 434

Centro de saúde de As Pontes: 981 334 699

Concello de Moeche: 981 404 006

Centro de saúde de Moeche: 981 404 400

Concello de Cerdido: 981 411 000

Centro de saúde de Cerdido: 981 427 742

Concello de Cedeira: 981 480 000

Oficina de turismo de Cedeira: 981 482 187

Centro de saúde de Cedeira: 981 480 015

Concello de Ortigueira 981 400 000

Oficina de turismo de Ortigueira..... 981 422 089

Centro de saúde de Ortigueira 981 401 076

Concello de Cariño: 981 405 064

Oficina de turismo de Cariño: 981 405 064

Centro de saúde de Cariño: 981 420 410

Deputación da Coruña: 981 080 300

pingota